Sobre os criterios que o Goberno galego debe modificar na orde de axudas de 2025 da PAC respecto da gandería de montaña de zonas con limitacións naturais
Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes

- 25166 (12/PNC-002318)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a demanda ao Goberno galego da elaboración dun estudo respecto das obras que precisa o Hospital Provincial de Pontevedra co fin de garantir unha asistencia sanitaria óptima para prolongar a súa actividade

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 25178 (12/PNC-002321)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e 2 máis

Sobre as modificacións que o Sergas debe levar a cabo nos acordos de xestión para a Área Sanitaria de Santiago de Compostela e A Barbanza que foron asinados o pasado 5 de maio de 2025

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 25183 (12/PNC-002322)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e 3 máis

Sobre as modificacións que o Sergas debe levar a cabo nos acordos de xestión para a Área Sanitaria da Coruña e Cee que foron asinados o pasado 5 de maio de 2025

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 25188 (12/PNC-002323)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e Abalde Alonso, Julio Ernesto

Sobre as modificacións que o Sergas debe levar a cabo nos acordos de xestión para a Área Sanitaria de Ferrol que foron asinados o pasado 5 de maio de 2025

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 25195 (12/PNC-002324)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre a demanda ao Goberno galego da elaboración dun plan de choque contra a sinistralidade laboral

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 25200 (12/PNC-002325)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a demanda ao Goberno galego da prolongación ata Bueu, para mellorar a atención sanitaria que se recibe neste concello, da liña directa de autobús que existe entre o Hospital de Montecelo e o concello de Marín

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego



- 25205 (12/PNC-002326)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as obras de mellora que debe levar a cabo a Xunta de Galicia no acceso e nas instalacións dos centros residenciais públicos situados en Cerdedo, no concello de Cerdedo-Cotobade

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 25211 (12/PNC-002327)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Carreira Pazos, Iria

Sobre as actuacións básicas da estratexia que debe pór en marcha o Goberno galego para a atención integral á saúde sexual e reprodutiva das mulleres

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

1.3.8. Procedementos de control económico e orzamentario

1.3.8.6. Modificacións orzamentarias

Toma de coñecemento, traslado á Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, e publicación

- 25039 (12/MOP-000015)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Modificacións orzamentarias abril de 2025

1.3.8.8. Información sobre préstamos e avais do Instituto Galego de Promoción Económica

Toma de coñecemento, traslado á Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, e publicación

- 25038 (12/IIGA-000003)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Información do Igape sobre a situación das operacións de crédito e préstamo vixentes a 31 de decembro de 2024

Santiago de Compostela, 14 de maio de 2025

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1ª

1.6. Procedementos de elección, designación e proposta de nomeamento

1.6.13. Director/ra xeral da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia S.A.

Acordo da Mesa do Parlamento, do 13 de maio de 2025, pola que admite a trámite a proposta de candidatura de directora xeral da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia S.A.

Examínase o documento núm. 25394, remitido polo portavoz do G. P. Popular de Galicia, no que propón como candidata á Dirección Xeral da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, S.A. a María Concepción Pombo Romero.



Compróbase que a candidata presentou a aceptación da candidatura (doc. núm. 25395).

A Mesa adopta o seguinte ACORDO:

1º. Admitir a trámite a proposta de María Concepción Pombo Romero como candidata a directora xeral da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, S.A.

2º. Dar traslado deste acordo á Mesa da Comisión permanente non lexislativa de Control da Corporación de RTVG e aos portavoces dos grupos parlamentarios.

3º. Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 13 de maio de 2025

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

Acordo da Mesa do Parlamento, do 5 de maio de 2025, de resolución do proceso selectivo para ingresar por quenda libre en catro prazas do corpo administrativo do Parlamento de Galicia, das cales unha está reservada á quenda de persoas con discapacidade (grupo C)

Por un acordo da Mesa do Parlamento do Parlamento do 9 de abril de 2024 anúnciase o proceso selectivo para ingresar por quenda libre en catro prazas do corpo administrativo do Parlamento de Galicia, das cales unha está reservada á quenda de persoas con discapacidade e apróbanse as bases reguladoras do procedemento (DOG núm. 79, do 22 de abril).

O tribunal cualificador, na sesión do 9 de abril de 2025, acordou propoñerlle á Mesa do Parlamento de Galicia a finalización do proceso selectivo e o nomeamento pola Presidencia de Andrea Caaveiro Souto, María Corredoira Cobas, Iria Pereira Louzao e Cristina Pino Ponte como persoal funcionario de carreira no corpo administrativo do Parlamento de Galicia.

Xa que logo, en cumprimento do artigo 7.2 das bases do antedito procedemento, a Mesa adopta o seguinte ACORDO:

1º. Finalizar o procedemento selectivo para ingresar por quenda libre en catro prazas do corpo administrativo do Parlamento de Galicia, das cales unha está reservada á quenda de persoas con discapacidade, e aprobar o seu resultado a favor de Andrea Caaveiro Souto, María Corredoira Cobas, Iria Pereira Louzao e Cristina Pino Ponte.

2º. Notificarlles este acordo a Andrea Caaveiro Souto, María Corredoira Cobas, Iria Pereira Louzao e Cristina Pino Ponte, que, de conformidade coa base oitava da convocatoria, disporán dun prazo de vinte días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* para presentaren, se é o caso, a documentación prevista na citada base.



3º. Comunicarlle este acordo ao Servizo de Persoal e Réxime Interior para os efectos de darlle efectividade á execución deste acordo.

4º. Propoñerlle á Presidencia, de conformidade coa base novena desta convocatoria, o seu nomeamento como persoal funcionario de carreira do corpo administrativo do Parlamento de Galicia.

5º. Constituír unha lista de espera, de conformidade coa base décima da convocatoria, para cubrir as necesidades eventuais de persoal que puideren xurdir, en condición de persoal funcionario interino vinculado ao mantemento das circunstancias polo que é nomeado.

6º. Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e na páxina web corporativa.

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2025

Xosé Antón Sarmiento Méndez

Letrado oficial maior





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o 7 de maio, sobre a postura do Goberno galego verbo da posibilidade de superar o actual sistema de financiamento da comunidade, así como de negociar unha quitación da débeda (doc. núm **22890**, [12/INT-000926]).

Moción

“O Parlamento Galego insta a Xunta de Galiza a defender os intereses de Galiza ante o Estado en materia económico financeira abordando de forma urxente co Ministerio de Facenda as seguintes cuestións:

1. A concreción da quita da débeda para Galiza para paliar un dos problemas máis importantes da situación económico financeira da administración galega e reinvestir os recursos que o noso país aforre por esta vía no reforzo dos servizo públicos esenciais.
2. A calendarización das entregas a conta pendentes para Galiza así como a asunción por parte do goberno central dos sobrecustos causados por este prexuízo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. O avance no autogoberno económico e financeiro e na autorresponsabilidade fiscal de Galiza, aprobando previamente, e antes do remate do vixente período de sesións, unha proposta concreta no Parlamento Galego.”

Santiago de Compostela, 7 de maio de 2025

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 07/05/2025 18:17:12

Ana Pontón Mondelo na data 07/05/2025 18:17:15





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Ariadna Fernández González**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o 7 de maio, sobre o modelo da atención prestada nos centros de menores e os seus recursos (doc. núm **22600**, [12/INT-000916]).

Moción

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Modificar o Decreto 329/2005 do 28 de xullo, polo que se regulan os centros residenciais de menores e os centros de atención á infancia, para adaptalo ás necesidades actuais do noso sistema de protección de menores, acordando estas modificacións cos profesionais do sector e cos seus usuarios e usuarias.
2. Garantir que os menores que residen en centros de protección non teñan unha lista de agarda para recibir atención psicosocial, acadando así o maior benestar posible dos nenos, nenas e adolescentes.
3. Garantir o aumento de recursos económicos e medios persoais no sistema de protección galego, reforzando as equipas técnicas do menor, incrementando o persoal traballador dos centros residenciais, sexa cal sexa a súa tipoloxía, e aumentando as prazas dispoñibles ofertadas para reverter a sobreocupación coa creación dun rexistro onde se especifiquen cantos menores están agardando a ser incluídos no sistema de protección.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4. Levar a cabo campañas de concienciación para aumentar o número de familias acolledoras, evitando deste xeito a institucionalización de menores, con especial énfase nos de menos de 6 anos, igualando as contías compensatorias que perciben co investimento medio preciso para a crianza dun neno, nena e adolescente no noso país.”

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2025

Asdo.: **Ariadna Fernández González**

Deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 08/05/2025 12:58:31

Ana Pontón Mondelo na data 08/05/2025 12:58:40



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada, **María Carmen Rodríguez Dacosta**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria do día 6 de maio de 2025, sobre a garantía de participación institucional dos axentes sociais no deseño das políticas de emprego en Galicia e o actual funcionamento do Consello Autonómico de Emprego e dos respectivos consellos provinciais e territoriais (doc. núm. 22927).

MOCIÓN

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que:

1. Proceda de forma inmediata á convocatoria do Comité Autonómico de Emprego, os comités provinciais e territoriais de emprego co fin de que as organizacións sindicais e empresariais máis representativas da nosa comunidade e a Administración local participen no deseño e programación das políticas activas de emprego e demais funcións que lle resulten propias como órganos consultivos de participación e asesoramento da nosa comunidade en materia de emprego.
2. Propoña nos comités a elaboración de plans de emprego por territorio que comprenda a análise da situación; a concreción no seu territorio dos obxectivos establecidos en materia de emprego; a incardinación do Plan de emprego noutros programas de desenvolvemento socioeconómico e a proposta de avaliación e seguimento do Plan de emprego.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/05/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 25280
Data envío: 09/05/2025 14:02:01.016

3. Programe con urxencia plans de emprego para parados de longa duración en todas as provincias galegas.

Parlamento de Galicia, 9 de maio de 2025

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 09/05/2025 14:00:31

José Ramón Gómez Besteiro na data 09/05/2025 14:00:44

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

82839

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Rosana Pérez Fernández, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonso, Cristina Fernández Davila, Secundino Fernández Fernández, Alexandra Fernández Gómez, Ariadna Fernández González, Xosé Manuel Golpe Acuña, Carmela González Iglesias, Oscar Insua Lema, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Brais Ruanova Vilas-Boas, Iago Suárez Fernández, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Iria Taibo Corsanego, Montserrat Valcárcel Armesto e Sonia Vidal Lamas**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno polo trámite de urxencia**, sobre a creación dun fondo soberano para o investimento estratéxico.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén dada polas mudanzas xeopolíticas, os conflitos relacionados co comercio internacional e a necesidade de activar coa maior axilidade posíbel novos instrumentos para defender os intereses estratéxicos do noso país.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os fondos soberanos son instrumentos financeiros e de investimento promovidos polos Estados (o exemplo máis coñecido é o de Noruega) e tamén por





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

entidades subestatais para desenvolver unha política de investimento estratéxico e a longo prazo, de maneira que ben os beneficios xerados por determinados sectores da economía baixo control público, ben o superávit fiscal poida ser empregado para dinamizar o investimento nos sectores estratéxicos (enerxético, alimentario, forestal, naval automoción, biotecnolóxico, aeroespacial...), defender o enraizamento das empresas, e impulsar o desenvolvemento de sectores emerxentes e con grande capacidade de crecemento.

Estamos a falar dunha proposta de forte calado, dun instrumento para facer política pública con maiúsculas, que parte da idea do sector público como un axente central no desenvolvemento económico galego, priorizando investimentos estratéxicos, sostibles e con raíz. Desde o BNG propoñemos unha iniciativa novidosa, ambiciosa e transformadora dirixida a promover investimentos a longo prazo na industria e na innovación nos seguintes ámbitos:

- Investimento en sectores estratéxicos: investimento industrial en empresas tractoras e estratéxicas; operacións relevantes de crecemento, consolidación e enraizamento de empresas galegas, para evitar que caian baixo o control de multinacionais estranxeiras; operacións industriais e tecnolóxicas de calado.
- Investimento en sectores emerxentes e con capacidade de crecemento evitando a venda de pemes competitivas a grupos industriais e xestoras de capital risco foráneas.
- Investimento en empresas nacentes *start-ups* con alto potencial de rendibilidade, na chamada DeepTech (Tecnoloxía Profunda).
- Investimento en empresas estranxeiras coas que obter beneficios que logo se poden reverter en políticas sociais por ex. Incrementar os ingresos públicos para destinalos a fins sociais.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Investimento en infraestruturas científicas, tecnolóxicas e enerxéticas.
- Coinvestimento con outros fondos soberanos (alianzas entre fondos soberanos).
- Investimento no exterior (nunha segunda fase).

As recentes mudanzas xeopolíticas e os conflitos relacionados co comercio internacional subliñan a importancia de reforzar a soberanía económica e desenvolver novos instrumentos para defender os intereses estratéxicos do noso país fronte á volatilidade global e aos intereses especulativos dos fondos de investimento internacionais.

En xullo do 2020 o *Informe do comité de expertos económicos* propuxo a creación dun fondo de capital público e privado para o fortalecemento da estrutura de capital das empresas galegas. Estas son algunhas das consideracións que recolle o informe:

-“Este fondo tamén podería acabar converténdose nunha fase ulterior nunha ferramenta de dinamización económica co obxecto de crear, impulsar e participar en proxectos de grande impacto e investir no desenvolvemento de novos proxectos estratéxicos para Galiza”.

-“O fondo debería contar con unha dotación inicial de aproximadamente 200 millóns de euros, ampliable a 400 millóns, con un máximo de un 49% de capital público e un mínimo dun 51% de capital privado... Os investimentos estarían destinados a empresas con unha cifra de negocios de polo menos 30 millóns de euros ou 50 traballadores”





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-“Considérase absolutamente prioritario iniciar as xestións encamiñadas á constitución deste fondo de maneira inmediata”

Malia sucesivos anuncios e refomulacións daquela proposta, a realidade é que pasaron xa case 5 anos e non chegou a facerse realidade.

Fronte a esta idea non nata, de carácter público-privado, o BNG formula unha proposta diferente: un fondo soberano completamente público, a semellanza dos que existen desde fai décadas e demostran a eficacia da intervención pública no investimento dirixido a sectores e actividades de carácter estratéxico e prioritario.

Trátase dunha iniciativa novidosa, que no ámbito estatal só está poñendo en marcha o goberno de Euskadi <https://cincodias.elpais.com/companias/2025-03-03/el-gobierno-vasco-crea-un-fondo-para-movilizar-inversiones-empresariales-por-4000-millones.html>

Trátase dunha iniciativa ambiciosa, porque supón a mobilización da maior cantidade de fondos públicos da historia de Galiza para o investimento en sectores estratéxicos e emerxentes: até 1.200 millóns de euros no horizonte de 2030, superando e integrando instrumentos xa existentes como Xesgalicia, con grandes limitacións, investimentos de pequeno tamaño e sen capacidade de incidencia en sectores estratéxicos e na defensa da galeguidade das empresas.

Trátase dunha iniciativa transformadora porque vai permitir que o sector público actúe directamente na transformación tecnolóxica e industrial investindo en sectores estratéxicos para a economía galega.

Actualmente existen fondos soberanos e empresas públicas doutros Estados (por exemplo Noruega, Países Baixos e Italia) que controlan sectores económicos e infraestruturas estratéxicas do noso país como a produción de enerxías renovábeis ou a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

AP9. Semella contraditorio que isto de faga desde o sector público doutros países e que o noso non teñan nin vontade política nin capacidade para facelo.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición de lei para debate en pleno polo trámite de urxencia:

“O Parlamento insta a Xunta a crear no presente ano 2025 un fondo público soberano para o investimento estratéxico, dotado con un capital de 400 millóns de euros, co obxectivo de dinamizar o investimento nos sectores estratéxicos (enerxético, alimentario, forestal, naval, automoción, biotecnolóxico, aeroespacial...), defender o enraizamento e a galeguidade das empresas, e impulsar o desenvolvemento de sectores emerxentes e con grande capacidade de crecemento.

O fondo público soberano galego denominarase Fondo Nova Galiza Innovadora, terá unha xestión profesional e transparente, órganos de dirección e participación plurais, priorizará os intereses públicos e estratéxicos, e guiarase por criterios ambientais, sociais, éticos e de igualdade.”

Santiago de Compostela, 5 de maio de 2025

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 05/05/2025 13:11:15





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mercedes Queixas Zas na data 05/05/2025 13:11:39

Rosana Pérez Fernández na data 05/05/2025 13:11:48

Daniel Pérez López na data 05/05/2025 13:11:55

Iria Carreira Pazos na data 05/05/2025 13:12:02

Iria Taibo Corsanego na data 05/05/2025 13:12:12

Olalla Rodil Fernández na data 05/05/2025 13:12:24

Daniel Castro García na data 05/05/2025 13:12:40

Montserrat Valcárcel Armesto na data 05/05/2025 13:12:47

Iago Suárez Fernández na data 05/05/2025 13:12:57

Noa Presas Bergantiños na data 05/05/2025 13:13:08

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 05/05/2025 13:13:18

Sonia Vidal Lamas na data 05/05/2025 13:13:26

Secundino Fernández Fernández na data 05/05/2025 13:14:17

María Montserrat Prado Cores na data 05/05/2025 13:14:26

Alexandra Fernández Gómez na data 05/05/2025 13:14:32





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Paulo Ríos Santomé na data 05/05/2025 13:14:40

Carmela González Iglesias na data 05/05/2025 13:14:48

Cristina Fernández Davila na data 05/05/2025 13:14:59

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 05/05/2025 13:15:06

Ariadna Fernández González na data 05/05/2025 13:15:13

Luis Bará Torres na data 05/05/2025 13:15:22

Óscar Insua Lema na data 05/05/2025 13:15:29

Ramón Fernández Alfonzo na data 05/05/2025 13:15:36

José Manuel Golpe Acuña na data 05/05/2025 13:15:45



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados **Roberto Rodríguez Martínez, María Deza Martínez, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Cristina Campero Dorado, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Roberto Rodríguez Martínez, Gonzalo Trenor López, Katherinie Varela Fernández, Ethel María Vázquez Mourelle, Gonzalo Trenor López, Jesús María Fernández Rosende, Raquel Arias Rodríguez, María Magdalena Perez Millares e Cristina Sanz Arias**, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte proposición non de lei para o seu debate en **Pleno**, polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola necesidade de adoptar medidas urxentes que eviten a perda da oportunidade de acceder a unha vivenda en alugueiro a un prezo alcanzable.

Exposición de Motivos

O acceso a unha vivenda accesible está a ser un compromiso e unha acción prioritaria na que din coincidir todas as administracións e, con esta finalidade, están en marcha diversas medidas para incrementar o parque de inmobiliario de características sociais, mellorar a regulación e ofrecer maiores axudas.

Non obstante, non todos os gobernos dan mostra deste compromiso. Vémoste co que está acontecer coas vivendas en aluguer social de Xuxán (A Coruña) onde as novas condicións impostas desde a administración central levan a subas non asumibles para os cooperativistas e obriga a moitos deles a renunciar a súa adxudicación.

Esta situación afecta a unha promoción de 224 vivendas protexidas en alugueiro na cidade da Coruña, construídas sobre chan público adxudicado en 2023 pola Xunta de Galicia en réxime de dereito de superficie, a 50 anos e cun canon practicamente simbólico. Unha iniciativa que ademais, contou cunha subvención de fondos do plan de recuperación, transformación e resiliencia por importe total de 10.748.754 €.

Esta cooperativa foi a primeira en acollerse ao convenio aprobado o pasado mes de agosto entre o Instituto de Crédito Oficial (ICO) e o Ministerio de Vivenda e Axenda Urbana, para financiar a construción de vivendas en alugueiro accesible e desde entón mantén conversas para formalizar esta disposición de fondos.



O problema vén derivado do modelo de financiamento que o ICO pretende impoñer agora para financiar a construción das vivendas. Esta entidade de crédito, coa consideración de Axencia Financeira do Estado, modifica substancialmente as condicións, establecendo un modelo que fai inviable o acceso dunha parte importante dos socios cooperativistas, xa que obriga a uns desembolsos que desvirtúan totalmente o carácter social da promoción.

Este conflito está a xerar unha lóxica preocupación entre os cooperativistas que vén como desaparecen as súas expectativas de acceder a unha vivenda en alugueiro a un prezo alcanzable. O endurecemento das esixencias para acceder ao financiamento malogra os esforzos que as distintas administracións realizan en apoio dos promotores de novas vivendas e o obxectivo social destes apoios.

É por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes presentan esta proposición non de lei, coa seguinte proposta de acordo:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que aclare, flexibilice e garanta que os termos do financiamento proposto para as vivendas en aluguer social de Xuxán (A Coruña) non malogren as expectativas dos cooperativistas de acceder a unha vivenda a un prezo alcanzable e o carácter social da promoción.

Así mesmo, insta ao Goberno galego a dirixirse á administración do Estado, para que, con carácter xeral, estableza unhas condicións de acceso ao financiamento da liña de crédito que permita que o convenio entre o Instituto de Crédito Oficial (ICO) e o Ministerio de Vivenda e Axenda Urbana sexa un instrumento real e áxil de financiación de vivenda protexida, tanto para promotores como para cooperativas; todo elo coa finalidade de avanzar no exercicio efectivo do dereito a unha vivenda digna e adecuada, facilitar o acceso ás persoas e fogares de menores recursos económicos, así como aos colectivos que teñen maiores dificultades de acceso no mercado.”

Santiago de Compostela, 13 de maio de 2025

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 13/05/2025 09:34:37

Roberto Rodríguez Martínez na data 13/05/2025 09:35:00

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/05/2025 09:40:33
Nº Rexistro: 25392
Data envío: 13/05/2025 09:40:33,871

María Deza Martínez na data 13/05/2025 09:35:29

Carmen Pomar Tojo na data 13/05/2025 09:36:13

José Luis Ferro Iglesias na data 13/05/2025 09:36:31

Cristina Campero Dorado na data 13/05/2025 09:36:37

Rubén Lorenzo Gómez na data 13/05/2025 09:37:04

Argimiro Marnotes Fernández na data 13/05/2025 09:37:10

Gonzalo Trenor López na data 13/05/2025 09:37:40

Katherinie Varela Fernández na data 13/05/2025 09:37:46

Ethel Vázquez Mourelle na data 13/05/2025 09:38:13

Jesús María Fernández Rosende na data 13/05/2025 09:38:22

Raquel Arias Rodríguez na data 13/05/2025 09:39:08

Maria Magdalena Perez Millares na data 13/05/2025 09:39:10

Cristina Sanz Arias na data 13/05/2025 09:39:40

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-1FHW0Fcq-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Cristina Fernández Davila, Mercedes Queixas Zas, Iria Taibo Corsanego, Daniel Castro García e Secundino Fernández Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a responsabilidade que ten a Consellaría de Educación, Ciencia, Universidades e FP na información contraditoria facilitada aos centros educativos á hora de cancelar a actividade docente por mor da caída eléctrica acontecida entre o 28 e 29 de abril.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado luns 28 de abril, Galiza, igual que o resto do Estado e parte doutros países europeos quedaron sen subministro eléctrico a media mañá.

Durante esta primeira xornada sen electricidade a Xunta solicitou ao Goberno do Estado declarar Nivel 3 de Emerxencia Nacional, polo que o mesmo asumiría a xestión da crise enerxética e o Ministerio de Interior a ordenación e coordinación de todos os recursos estatais, autonómicos e locais. Aceptada a solicitude, se emiten instrucións claras para que os centros educativos sen actividade lectiva permaneceran abertos para acoller ao alumnado e así facilitar a conciliación. Pero a Consellería de Educación xa enviara previamente a súa propia mensaxe.

Sobre as 8.30 h do martes 29 de abril, chegan avisos consecutivos as familias a través da rede de comunicación educativa Abalar coa seguinte mensaxe: “CANCELACIÓN DA ACTIVIDADE DOCENTE E O TRANSPORTE ESCOLAR





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

NESTE 29 DE ABRIL”. Pero moitas familias non recibiran a mensaxe, enviada por primeira vez ás 20.30 h do 28 de abril, despois de que a Xunta decidira mandar o aviso de “suspender as clases”, xa que estiveron incomunicadas dende o día anterior.

Doce horas despois, a Consellería de Educación difundía a través da rede social X e da súa web, de xeito confuso, que os centros permanecerían “ABERTOS PARA A ATENCIÓN DE CALQUERA INCIDENCIA, MANTENDO A SUSPENSIÓN DA ACTIVIDADE LECTIVA E DO TRANSPORTE ESCOLAR”, aclarando que se facía “segundo instrución recibida do Goberno central no nivel 3 de emerxencia nacional”, unha situación que levaba horas en vigor.

Contradicía así a mensaxe que se mantiña no Abalar da que non se fixo rectificación de ningún tipo, e a que moitos equipos directivos e docentes daban de primeira man aos poucos pais e nais que decidiran (se é que chegaron a informarse) levar aos seus fillos e fillas aos centros educativos. Ademais a mensaxe non era o suficientemente clara como para entender que calquera incidencia incluía atender ao alumnado durante toda a xornada, sobre todo cando dende algunha Inspección Educativa comunicaran aos equipos directivos que “ANTE A SUSPENSIÓN DA ACTIVIDADE LECTIVA, O PROFESORADO NON TEN QUE ACUDIR AOS CENTROS AÍNDA QUE OS CENTROS, DEBEN PERMANECER ABERTOS CO PERSOAL DISPOÑIBLE PARA ASISTIR CALQUERA INCIDENCIA OU A ATENCIÓN DE ALUMNADO QUE POIDA PRESENTARSE”.

Como as instrucións non eran claras, unha vez máis, a última decisión do que facer quedou nas mans de cada director/a.

Durante a noite e a primeira hora da mañá Galiza recuperou a subministración eléctrica e de telecomunicacións en case todo o seu territorio. Así que sobre as 10 h, o Presidente Rueda, nunha comparecencia, xustificaba a suspensión declarada o día





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

anterior ante “a incerteza de non saber cando se ía recuperar a subministración eléctrica e baseándose nunha necesidade de racionalizar o combustible para o transporte escolar. Lembrando que os centros non teñen actividade lectiva, aínda que atenden ao alumnado que chegan ás escolas por necesidade de conciliación.

Nada máis lonxe da realidade. Ante a confusión e continuas contradicións que se atoparon o profesorado e as familias, poucos nenos e nenas acudiron para quedar toda a mañá. Segundo foise recuperando a cobertura, os whatsapp e mensaxes nos móbiles ían de familia en familia indicando o que estaba a acontecer: algunhas non sabían da suspensión das clases por estar incomunicados, houbo alumnado que colleu o autobús e o centro ao chegar estaba pechado, e outras familias que necesitado a conciliación non foron aos centros ao ter tan só o primeiro comunicado do Abalar. Houbo casos en que os propios docentes tiveron que decidir co alumnado nas portas que facer, se recibían ao alumnado ou non.

Non escaparon desta situación os conservatorios de música, sobre todo os municipais, onde algúns reactivaron as clases na tarde do martes, mentres o goberno central aínda non rebaixara ao nivel 2 de emerxencia, nin mudara as ordes iniciais.

No caso das escolas infantís, que dependen da Consellería de Política Social, aínda foi máis caótica a información, permanecendo pechadas a media maná e se lles comunicou ás persoas empregadas nas mesmas que se incorporaran aos seus postos para proceder á súa apertura e admisión dos nenos e nenas usuarias.

Isto pon de manifesto unha vez máis, a falta de responsabilidade da Consellaría de Educación sobre a seguridade do alumnado, así como a falta de planificación e organización en casos de emerxencia entre as distintas administracións. Ante a súa inoperancia, volta a deixar a xestión da situación de crise como unha función máis das dirección dos centros educativos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a que, tendo en conta todas as incidencias provocadas nos centros escolares polas instrucións contraditorias achegadas aos centros educativos por mor do corte de subministro eléctrico na Galiza:

1.- Faga unha valoración do acontecido e a falta de coordinación entre as instrucións dadas polo Goberno Central e as que transmitiu a administración autonómica aos centros educativos a fin de que non se volva a repetir esta situación, deixando ás familias galegas coa inseguridade de poder deixar ou non ás súas fillas e fillos nas escolas.

2.- Asuma a súa responsabilidade con respecto á descoordinación na información facilitada ás familias e aos centros, que provocou novamente que esta tarefa de toma de decisións sobre a custodia do alumnado quedara en mans das direccións dos centros, a quen non lles corresponde.

3.- Elabore un protocolo de comunicación e actuación en casos de emerxencia ou catástrofes para ter informada debidamente a toda a comunidade educativa en tempo e forma, buscando sistemas alternativos.”

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2025

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**
Mercedes Queixas Zas
Iria Taibo Corsanego
Daniel Castro García





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Secundino Fernández Fernández

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 02/05/2025 11:36:47

Cristina Fernández Davila na data 02/05/2025 11:36:53

Mercedes Queixas Zas na data 02/05/2025 11:46:27

Iria Taibo Corsanego na data 02/05/2025 11:46:54

Daniel Castro García na data 02/05/2025 11:47:50

Secundino Fernández Fernández na data 02/05/2025 11:48:06



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Julio García Comesaña, Felisa Rodríguez Carrera, Manuel Santos Costa, Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Noelia Pérez López, Ethel Vázquez Mourelle e Magdalena Pérez Millares**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

Nos últimos meses, o municipio de Mondariz-Balneario acolleu a máis de 200 persoas migrantes, no marco do Programa Estatal de Acolida a Persoas Solicitantes de Protección Internacional promovido polo Goberno de España. A chegada destas persoas, procedentes maioritariamente de países como Senegal, Mali ou Mauritania, produciuse sen ningunha planificación nin coordinación previa coas administracións locais nin coa Xunta de Galicia.

A situación agravouse recentemente ao coñecerse que arredor de 40 destas persoas foron notificadas da denegación das súas solicitudes de asilo, quedando obrigadas a abandonar as instalacións do centro de acollida no que permanecían. A consecuencia directa é que estas persoas fican sen fogar, sen acceso a recursos públicos, en situación administrativa irregular e sen posibilidade de inserción social ou laboral.

O novo regulamento da Lei de Estranxeiría, que entrará en vigor o 20 de maio de 2025, impide computar o tempo como solicitante de protección internacional a efectos de arraigo. Isto supón un endurecemento das condicións e unha prolongación da situación de vulnerabilidade, condenando a estas persoas a permanecer anos en situación irregular, sen que poidan acceder a unha vía legal de regularización a curto prazo.

Resulta inadmisíbel que o Goberno central, que decidiu unilateralmente estes traslados, agora se desentenda completamente das consecuencias da súa actuación. Non só abandona a estas persoas nunha situación de total desprotección, senón que tampouco ofrece alternativas, nin activa programas específicos de integración, nin informa os concellos afectados nin lles facilita os recursos necesarios.

A realidade é que nin Mondariz-Balneario nin ningún dos concellos da contorna dispoñen dos medios para facer fronte a unha situación coma esta, na que a acción do Goberno de España deixa sen resposta as máis elementais necesidades habitacionais, humanas e legais das persoas afectadas.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para:

- 1.- Informar á Comunidade Autónoma e aos Concellos nos que o Goberno central trasladou migrantes de xeito unilateral, cantas persoas están a ter unha negativa da súa solicitude de asilo.
- 2.- Habilitar de maneira urxente un programa extraordinario que permita unha solución habitacional para as persoas solicitantes de protección internacional aloxadas en Mondariz-Balneario que, tras a denegación das súas solicitudes, deben abandonar o centro Cemar.
- 3.- Activar medidas que lles permitan acceder a recursos básicos de subsistencia mentres se exploran alternativas legais de permanencia no país.
- 4.- Rematar coa política de desentendemento e leve a cabo unha coordinación real e efectiva coas Comunidades Autónomas e cos concellos, tanto nos procesos de acollida como nas situacións derivadas das denegacións de asilo.
- 5.- Avaliar o funcionamento dos dispositivos de acollida e os criterios de traslado de persoas migrantes ás diferentes localidades, evitando situacións de saturación ou descoordinación”.

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2025

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 02/05/2025 14:06:20

Julio García Comesaña na data 02/05/2025 14:06:34

María Felisa Rodríguez Carrera na data 02/05/2025 14:06:47

Manuel Santos Costa na data 02/05/2025 14:06:54

María Encarnación Amigo Díaz na data 02/05/2025 14:07:02

Raquel Arias Rodríguez na data 02/05/2025 14:07:10

Víctor Baladrón Lamas na data 02/05/2025 14:07:25



Nicole Grueira Fernández na data 02/05/2025 14:07:36

Dolores Hermelo Piñeiro na data 02/05/2025 14:07:46

Argimiro Marnotes Fernández na data 02/05/2025 14:07:57

Noelia Pérez López na data 02/05/2025 14:08:11

Ethel Vázquez Mourelle na data 02/05/2025 14:08:25

Maria Magdalena Perez Millares na data 02/05/2025 14:08:40



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Rubén Lorenzo Gómez, Encarna Amigo Díaz, María Deza Martínez, Miguel Fidalgo Iglesias, Felisa Rodríguez Carrera, Angel Rodríguez Conde, Cristina Sanz Arias, Borja Vereas Fraiz e Miguel A. Viso Diéguez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

Galicia debe constituírse nun referente dentro da península ibérica en canto á atracción de empresas para o que cómpre potenciar aspectos positivos nos que xa destaca, como son a estabilidade socio-política ou o apoio decidido ao sector empresarial, pero tamén incidir na mellora doutras cuestións que condicionan as decisións empresariais e industriais en canto á localización dunha nova iniciativa ou o crecemento das xa existentes.

O obxectivo non é outro que consolidar a Galicia desde o punto de vista empresarial pensando no valor engadido que estes proxectos industriais achegan ao noso territorio -en materia de riqueza e de emprego- pero tamén afrontando os desafíos que son comúns no conxunto de España e de Europa, como a necesidade de incrementar o peso da industria na economía, de mellorar a competitividade e resiliencia das nosas empresas e de contribuír aos obxectivos de descarbonización, transformación dixital e abastecemento de materiais estratéxicos.

Alén do apoio á implantación de proxectos concretos, o Goberno galego acerta co deseño de medidas dirixidas a incrementar a actividade e o emprego nos distintos sectores industriais, tanto en ámbitos emerxentes, con maior potencial de crecemento, como naqueles sectores máis consolidados. De xeito complementario con estas accións que forman parte da axenda e da estratexia industrial do Goberno, Galicia xa fixo un importante esforzo por atraer novos proxectos á Comunidade a través dunha tramitación máis áxil e máis eficiente.



Instrumentos como a Oficina Económica de Galicia tamén representan un novo modelo de relación da Xunta de Galicia co tecido empresarial que pon á empresa no centro das políticas públicas e que simplifica e axiliza os procesos para emprender, medrar e investir en Galicia.

Tamén neste contexto e no empeño por dar máis facilidades e captar máis e mellores investimentos, puxéronse en marcha unha serie de mecanismos como foron os proxectos industriais estratéxicos (PIE). Unha figura excepcional que permite a áxil tramitación de iniciativas industriais con especial repercusión no tecido industrial de Galicia, pero sempre mantendo as máximas garantías xurídicas, técnicas e medioambientais. O valor dos PIE vén dado pola gran aposta que representan estas iniciativas tanto desde o punto de vista económico e laboral, unha vez se autorice a súa posta en marcha e verifique que cumpren cos requisitos legais esixidos.

Así, o 11 de xaneiro de 2024 o Consello da Xunta acordou declarar como proxecto industrial estratéxico a iniciativa impulsada por *Stolt Sea Farm* no polígono industrial de Rianxo (A Coruña) dunha planta de conservación, procesamento e envasado de peixe (rodaballo e linguado). O proxecto prevé un investimento de 44,5 millóns de euros e permitirá a creación de 173 novos postos de traballo de carácter directo. Ademais, esta iniciativa incluírase no Plan autonómico de impulso e aceleración de proxectos industriais.

Deste xeito, a nova nave proxectada únese así a outras actuacións como a terminal de almacenamento de betume asfáltico no porto de Vilagarcía de Arousa, de Betumes Galegos, S.L.U., a nave de fibras téxtiles de Altri en Palas de Rei, a extracción de cobre no Pino e Touro e de carbón vexetal en Dumbría ou as plantas de produción de biometano e o centro de procesamento de datos en Curtis, entre outros PIE declarados polo Goberno galego.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:



- 1.- Seguir a tramitar de forma prioritaria, consonte ao disposto no Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, aprobado polo Decreto legislativo 1/2015, de 12 de febreiro, o proxecto industrial estratéxico da planta de *Stolt Sea Farm* en Rianxo (A Coruña).
- 2.- Recoñecer a importancia da iniciativa de *Stolt Sea Farm* en Rianxo (A Coruña) como proxecto industrial estratéxico cunha relevante incidencia positiva para o desenvolvemento ou execución da política empresarial e do tecido industrial galego.
- 3.- Seguir impulsando a Oficina Económica de Galicia por representar un novo modelo de relación co tecido empresarial que pon á empresa no centro das políticas públicas e que simplifica e axiliza os procesos para emprender, medrar e investir en Galicia.
- 4.- Dirixirse ao Goberno de España para que, no marco dos fondos europeos de recuperación, facilite financiamento e liñas de apoio para os proxectos industriais de interese estratéxico galegos, como mínimo, en igualdade de condicións aos que financia noutras comunidades autónomas.”

Santiago de Compostela, 5 de maio de 2025

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 05/05/2025 10:10:18

Rubén Lorenzo Gómez na data 05/05/2025 10:10:35

María Encarnación Amigo Díaz na data 05/05/2025 10:10:47

María Deza Martínez na data 05/05/2025 10:10:56

Miguel Fidalgo Iglesias na data 05/05/2025 10:11:08

María Felisa Rodríguez Carrera na data 05/05/2025 10:11:20

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/05/2025 10:13:11
Nº Rexistro: 24815
Data envío: 05/05/2025 10:13:11.878

Ángel Rodríguez Conde na data 05/05/2025 10:11:29

Cristina Sanz Arias na data 05/05/2025 10:11:40

Borja Vereza Fraiz na data 05/05/2025 10:11:55

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 05/05/2025 10:12:07

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-1FHW0Fcq-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa das deputadas e deputados, **Patricia García González, Rubén Lorenzo Gómez, Encarna Amigo Díaz, María Deza Martínez, Miguel Fidalgo Iglesias, Felisa Rodríguez Carrera, Angel Rodríguez Conde, Cristina Sanz Arias, Borja Vereza Fraiz e Miguel A. Viso Diéguez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

A transición enerxética é un proceso imprescindible para avanzar cara a un modelo máis sostible, eficiente e respectuoso co medio ambiente. Non obstante, este proceso debe facerse de forma ordenada, xusta e equilibrada, garantindo a cohesión territorial e a protección do tecido económico e social dos territorios máis afectados pola descarbonización.

As comunidades do Noroeste peninsular —Galicia, Asturias e Castela e León— están a asumir un impacto moi superior ao doutros territorios no camiño cara á neutralidade climática. A clausura de centrais térmicas como a das Pontes, que chegou a achegar máis do 20% da xeración eléctrica de Galicia, provocou unha forte caída da actividade industrial e do emprego, sen que se teñan desenvolvido alternativas de calado equivalentes.

Segundo os datos recollidos pola prensa, no mes de abril de 2025, Galicia xerou en 2024 máis de 23.000 GWh de electricidade, un volume moi importante que, debido ás características do noso territorio, pode e debe incrementarse nos próximos anos se queremos facer fronte ás necesidades futuras, nun momento de electrificación da economía. En cambio, o noso territorio segue sen recibir os investimentos en infraestruturas de evacuación que permitan aproveitar todo o potencial renovable xerado.

1.- Dar conta á comunidade educativa galega e a este Parlamento de todos os procedementos de contratación (concursos e contratos menores) e do gasto realizado en todo o material dixital e tecnolóxico vinculado á Estratexia Educación Dixital 2030 a través da propia Consellería de Educación, AMTEGA ou calquera outro organismo público.

2.- Informar sobre os orzamentos asignados a tal fin, sobre a concreción do destino de todo o material dixital e tecnolóxico nos centros educativos e sobre os proxectos impulsados polos mesmos para o seu uso.

3.- Incluír na vindeira Lei de Educación Dixital de Galiza a creación dunha comisión de seguimento con representación de todos os sectores educativos e as persoas asesoras que sexan precisas, onde se fixen os criterios para que ao mesmo tempo que o alumnado e profesorado adquiren as competencias dixitais, este material tecnolóxico sirva para garantir unha mellora na calidade educativa a través de novos métodos de ensinanza innovadores, educativos e pedagóxicos.

4.- Establecer un sistema de indicadores de mellora educativa obxectivos para poder avaliar os resultados de todo este investimento en tecnoloxía e os avances





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

educativos entre o alumnado, para poder axustar os distintos programas e estratexias e reconducir aquelas que non funciona ou que non supoñen unha mellora significativa.”

Santiago de Compostela, 6 de maio de 2025

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**

Daniel Castro García

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 06/05/2025 12:27:17

Cristina Fernández Davila na data 06/05/2025 12:28:24

Daniel Castro García na data 06/05/2025 12:34:56





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Iago Suárez Fernández** e da deputada **Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª**, sobre a situación de abandono e deterioro da Torre de Arcos e do Pazo de Suatorre (concello de Chantada).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na parroquia chantadesa de Arcos encóntranse dous elementos arquitectónicos de elevadísimo valor patrimonial que na actualidade se encontran nun estado de conservación deplorable. Trátase da Torre de Arcos e do Pazo de Suatorre, edificios históricos que entraron na lista vermella de patrimonio que se encontra en perigo elaborada pola asociación Hispania Nostra. Dous casos máis de patrimonio desleixado na Ribeira Sacra que se unen a outros moitos casos como o do Pazo de Vilar (Taboada), a Casa de Torno (O Saviñao) ou o Convento de San Salvador de Asma tamén no concello de Chantada.

De acordo coa Asociación Hispania Nostra, a Torre de Arcos e o Pazo de Suatorre (situados a pouca distancia un do outro), están “ameazados por un risco grave de destrución, desaparición ou perda irreversible dos seus valores patrimoniais”. Algo especialmente grave tendo en conta que ambas as edificacións son Ben de Interese Cultural (BIC) e que por tanto son suxeitos de protección especial por parte da Xunta de Galiza. Ademais cóstanos ao Grupo Parlamentar do BNG que se teñen realizado xestións e peticións desatendidas polo goberno galego para conseguir axudas para a restauración dos edificios.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A Torre de Arcos que data do século XIII e o Pazo de Suatorre do século XVII son dúas verdadeiras xoias do sur de Lugo e da Ribeira Sacra, territorio que aspira a ser nomeado Patrimonio da Humanidade pola Unesco. Non comprendemos por tanto a estratexia da Xunta de Galiza no que ten a ver coa protección do Patrimonio presente nos concellos que conforman a propia Ribeira Sacra. Non ten explicación a ollos do BNG como se pode presentar e defender unha candidatura a Patrimonio da Humanidade sen ter realizado previamente un esforzo importante no relativo á protección e conservación de edificios históricos, xa que son estes un elemento fundamental da perfilación do territorio da Ribeira Sacra ao longo dos anos, un elemento que como se vén demostrando está abandonado por parte do Goberno galego.

É por estes motivos que exiximos á Xunta de Galiza que actúe canto antes para pór remedio a unha situación de desleixo que non debe nin pode ser aceptada.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate na Comisión 4ª:

“O parlamento insta a Xunta de Galiza a

1. Elaborar un plan de rehabilitación e conservación no prazo máximo dun ano da Torre de Arcos e do Pazo de Suatorre (termo municipal de Chantada) actualmente en estado de abandono.

2. Realizar no prazo dun ano unha lista con todos os elementos de patrimonio arquitectónico en perigo no territorio que comprende a Ribeira Sacra”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 6 de maio de 2025

Asdo.: **Iago Suárez Fernández**

Mercedes Queixas Zas

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Suárez Fernández na data 06/05/2025 12:42:32

Mercedes Queixas Zas na data 06/05/2025 12:43:11

Ana Pontón Mondelo na data 06/05/2025 12:43:49





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e das deputadas **Noa Presas Bergantiños** e **Rosana Pérez Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª**, sobre o incremento da planta xudicial en Galiza, particularmente en materia de violencia sobre a muller.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Goberno do Estado vén de trasladar ao Consello Xeral do Poder Xudicial unha proposta para a creación de 53 novas prazas xudiciais en materia de Violencia Sobre a Muller, 39 de nova dotación e 14 mediante transformación de prazas en unidades de Instrución en Violencia Sobre a Muller.

No caso de Galiza, a proposta implicaría a creación de prazas xudiciais en Ourense e Santiago de Compostela, estendendo a xurisdición destas unidades xudiciais de Violencia a distintos partidos xudiciais que, no caso da unidade con sede en Santiago de Compostela, abranguería Negreira, Padrón, Noia e Ribeira; sen que conste o alcance da suposta comarcalización da unidade con sede en Ourense.

Por outra banda, a necesaria ampliación da planta, en materia de Violencia Sobre a Muller, de Vigo e A Coruña non sería “ex novo” senón que sería a costa da supresión de prazas en Xulgados de Instrución de cada partido xudicial que pasarían a integrarse nas Seccións de Violencias Sobre a Muller do Tribunal de Instancia respectivo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Dende o grupo parlamentar do BNG máis unha vez insistimos na necesidade de ampliar a planta xudicial nos órganos xurisdicionais en Galiza, nomeadamente en materia de Violencia sobre a Muller e coa creación de novas prazas nos partidos xudiciais de Ourense, Santiago de Compostela, Lugo, Ferrol e Pontevedra, sen que esa creación poda implicar unha mingua da calidade na prestación do servizo de xustiza ás vítimas e a supresión doutras prazas xa existentes.

Igualmente e malia a posibilidade que confire a nova estrutura e organización xudicial establecida pola Lei Orgánica 1/2025, de 2 de xaneiro, de medidas en materia de eficiencia do Servizo Público de Xustiza, a creación de novas unidades xudiciais non pode realizarse sen o coherente incremento de postos de traballo na oficina xudicial, tanto no corpo de xestión, como o de tramitación e no de auxilio xudicial.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 1ª:

“O Parlamento insta á Xunta de Galiza a

1.- Demandar ao Goberno do Estado:

a) A creación de novas prazas xudiciais consonte a proposta formulada pola Comisión Mixta de Xustiza de Galiza,

b) A creación de Seccións de Violencia sobre a Muller nos Tribunais de Instancia dos partidos xudiciais de Ourense, Lugo, Pontevedra, Ferrol e Santiago de Compostela, sen que supoña a eliminación de prazas das sección de instrución, e sen que a xurisdición do Tribunal de Instancia de Santiago de Compostela poda estenderse ao partido xudicial de Ribeira





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2.- O incremento do cadro de persoal nos corpos de xestión, tramitación e auxilio xudicial, cando menos en correspondencia coas novas prazas xudiciais a crear.”

Santiago de Compostela, 6 de maio de 2025

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Noa Presas Bergantiños

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Rosana Pérez Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 06/05/2025 16:34:24

Noa Presas Bergantiños na data 06/05/2025 16:39:36

Rosana Pérez Fernández na data 06/05/2025 16:39:43





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Xosé Manuel Golpe** e **Brais Ruanova Vilas-Boas** e da deputada **Montserrat Valcárcel Armesto**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 6ª**, sobre a regulación pendente de plantas de biogás.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A tecnoloxía do biogás - biometano pode ser un instrumento para conseguir unha “economía circular” verdadeira por exemplo para producir biogás para autoconsumo local. Sen embargo, moitas das plantas proxectadas para Galiza están recibindo unha forte oposición por parte da veciñanza das localidades próximas, por exemplo o caso de Coeses en Lugo.

O biogás é un combustible renovable que se produce a partir da descomposición anaeróbica (sen oxíxeno) de materia orgánica, como por exemplo residuos agrícolas, xurro, residuos alimentarios e augas residuais.

O problema non vén pola tecnoloxía de biogás – biometano, senón que vén polo modelo de planta que se está propoñendo, na escasa distancia aos núcleos de poboación e na forma na que están xestionadas: Estanse proxectando plantas de gran tamaño, que requiren un aporte constante e moi elevado de residuos para o seu procesamento, polo que os residuos de preto non son suficientes e tráenos de moito mais lonxe. E, a maior tamaño existe un maior volume de residuos almacenados (cos seus consecuentes olores), mais operacións de descarga de residuos, maior volume de dixestato a xestionar e tamén maiores riscos en caso de escape de emisións, incendio, ...





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No caso dos xurros, un dos argumentos para a necesidade das plantas de biogás - biometano, é importante destacar que a biodigestión non actúa sobre o nitróxeno (o gran problema dos xurros) polo que o dixestato resultante ten a mesma cantidade de nitróxeno que conteñen os xurros introducidos no biodigestor.

As plantas de biogás - biometano proxectadas actualmente, considerase que para alimentar o biodigestor non só se ten en conta a materia orgánica convencional senón tamén con materia orgánica procedente de diversos procesos industriais e que, polo tanto, materia que pode conter algunhas moléculas problemáticas: como produtos bioquímicos, residuos que conteñen metais pesados, disolventes orgánicos ou moléculas residuais de antibióticos.

Actualmente hai de numerosos proxectos de plantas de biogás -biometano en Galiza, polo que dende o BNG consideramos que é necesario legislar ao respecto para poñer límites en canto ao tamaño destes proxectos e aos límites que deben manter

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 6ª:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta de Galiza a:

1. Establecer límites entre as plantas de biogás – biometano e núcleos de poboación e/ou vivendas habitadas, así como elementos patrimoniais ou bens naturais nun mínimo de 3.000 metros.
2. Establecer a distancia máxima entre a orixe dos materiais usados na dixestión, e a localización da planta en 20 quilómetros para residuos líquidos , e con carácter xeral a un máximo total de 50 quilómetros.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. Limitar a capacidade das plantas de biogás -biometano e os seus procesos para evitar os danos ambientais e molestias á poboacións, a un volume máximo de 200.000 toneladas anuais.

4. Lexislar o sector establecendo unha serie de parámetros que deban cumprir as instalacións en canto aos materiais que entran como aos que saen

5. Regular a xestión do dixestato xerado despois do proceso de biometanización

6. Restrinxir a circulación de transporte pesado relacionado con estas instalacións, que non poderán transitar polos cascos urbanos e núcleos de poboación no rural.”

Santiago de Compostela, 7 de maio de 2025

Asdo.: **Xosé Manuel Golpe Acuña**

Brais Ruanova Vilas-Boas

Montserrat Valcárcel Armesto

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Golpe Acuña na data 07/05/2025 10:58:07





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 07/05/2025 11:18:21

Montserrat Valcárcel Armesto na data 07/05/2025 11:19:07

Ana Pontón Mondelo na data 07/05/2025 11:19:08





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres** e da deputada **Montserrat Valcárcel Armesto**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, sobre o desenvolvemento das medidas previstas no Plan de xestión do lobo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado venres 11 de abril de 2025 a Xunta publicou no DOG a Resolución do 3 de abril pola que se modifica a Resolución do 27 de marzo de 2024 pola que se determinan as épocas hábiles de caza, as medidas de control por danos e os reximes especiais por especies durante a tempada 2024/2025.

Esta resolución ten como único obxectivo a xestión do lobo desde o punto de vista cinexético, como especie cazábel, logo de que se publicase no BOE a lei 1/2025 de prevención e o desperdicio alimentario na que se inclúe na disposición derradeira décimo novena a exclusión do lobo ibérico da listaxe de especies silvestres en rexime de protección especial. A consellaría de medio ambiente (Dirección Xeral de Patrimonio Natural) levanta deste xeito a veda á caza do lobo, contravindo o previsto no Plan de xestión para os meses de reprodución da especie.

Queda claro con esta iniciativa do goberno a visión reduccionista, simplista, demagóxica e populista do PP, que pretende converter o lobo no chivo expiatorio co que ocultar os graves problemas que atravesamos o medio rural.

Chama a atención que a Xunta leve quince anos incumprindo o Plan de xestión do lobo que se publicou no DOG en xaneiro de 2009, que contemplaba máis de 50





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

medidas que na súa maioría non se aplicaron. Ou que se aplicaron de maneira insuficiente e ineficaz, como as medidas de prevención dos ataques do lobo ou as medidas de compensación dos danos.

Ademais de desenvolver as previsións do Plan de xestión, é necesario que se inicie o proceso de actualización do plan dacordo coa situación actual da especie e coas previsións da estratexia estatal.

Ao mesmo tempo, é imprescindíbel que por parte da Xunta se doten os orzamentos necesarios para desenvolver todas as medidas previstas, e que se demanden achegas orzamentarias do Estado e da UE para garantir a conservación da especie e a convivencia coas actividades do medio rural.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento insta a Xunta a poñer en marcha a partir do segundo semestre do ano 2025 as seguintes actuacións previstas no Plan de xestión do lobo:

1. Factores que afectan a conservación da especie

- Elaboración de protocolos de recollida de información sobre o lobo e dunha base de datos con información biolóxica e de xestión actualizada

- Realización dun estudo sobre factores que afectan á conservación da especie e nomeadamente sobre mortandade por causas non naturais.

- Actualización dunha base de datos e protocolos de actuación ante casos de envelenamentos e outras prácticas de control ilegais.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Implantación dos mecanismos necesarios para previr, detectar e combater os casos de envelenamento e outras prácticas de control ilegais

-Estudo e análise do efecto barreira das infraestruturas

-Pasos de fauna e medidas correctoras en infraestruturas viarias

-Adopción de medidas correctoras nos puntos negros das estradas

-Impacto dos parques eólicos na ecoloxía e o comportamento do lobo

-Creación de equipos especializados para realizar os traballos destinados ao control de cánidos

2.Prevenición e compensación dos danos á gandería

-Fomento e incentivo da aplicación de métodos de prevención dos ataques de lobos nas explotacións gandeiras.

-Seguimento e valoración da eficacia de distintos métodos de prevención de danos para o gando en réxime non extensivo

-Seguimento e valoración da eficacia de distintos métodos de prevención de danos e consideracións eco-etolóxicas para o gando en réxime extensivo.

-Divulgación aos gandeiros sobre os distintos métodos de prevención de dano

-Análise e definición de danos recorrentes

-Aprobación dos criterios para a valoración de danos

-Fomentaranse aqueles traballos e actuacións encamiñados a achegar información que permita mellorar a tramitación das solicitudes e o traballo de valoración das comisións provinciais do programa de axudas aos gandeiros polos danos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ocasionados polos lobos, entre as que se prevé un protocolo de recollida de información dos danos

-Elaboración dun informe anual da situación dos danos e difusión de resultados. Anualmente elaborárase un informe, ao cal se dará difusión pública, sobre o total de danos producidos, número e tipo de reses afectadas (tipo de gando e idade), distribución espacial e temporal destes danos e contía económica. Nel teranse en conta as solicitudes presentadas e as aprobadas, e incluíranse tamén os danos ocasionados por cans e os de autoría indeterminada.

- Avaliación e seguimento do sistema de axudas
- Realización dun seguimento técnico do sistema de axudas
- Establecemento dunha gradación do volume de danos que se poden soportar e de directrices de xestión referidas ás distintas zonas.
- Sistema graduado de pagamento de danos á gandaría
- As axudas para paliar os danos producidos polo lobo reduciranse ou denegaranse para aqueles posibles beneficiarios que non se responsabilicen na adopción das medidas preventivas que se fixen nas correspondentes ordes de axudas para evitar estes danos.

3.Información, educación ambiental e sensibilización

- Realización dun plan de comunicación, educación, concienciación e participación completo sobre o lobo, evitando a estigmatización da especie.
- Publicación dos resultados dos estudos realizados en Galiza sobre o lobo
- Publicación dun folleto informativo sobre a realidade do lobo





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Publicarase unha versión resumida do Plan de xestión do lobo en Galicia dirixido á poboación en xeral. Ademais, publicaranse versións resumidas do plan dirixidas especificamente aos distintos sociais implicados

-Publicación de materiais didácticos sobre o lobo, destinado aos diferentes niveis do ensino obrigatorio.

-Desenvolvemento de xornadas, seminarios e congresos sobre o lobo

-Elaboración dun enlace oficial do lobo na páxina web da consellería competente en materia de medio ambiente. Crearase na páxina web da consellería competente en materia de ambiente un enlace directo para acceder á información sobre o Plan de xestión do lobo, as axudas para paliar os danos causados polo lobo, así como para a adopción de medidas preventivas, os mecanismos e medidas que se poden implantar para a prevención de danos, problemas que afectan directamente a conservación do lobo, situación actual desta especie en Galiza e os estudos realizados nesta materia.

-Divulgación nos medios públicos das actuacións desenvolvidas pola consellería competente en materia de medio ambiente sobre a xestión e conservación do lobo en Galiza.

-Creación dun foro galego sobre o lobo. Crearase un foro galego sobre o lobo no cal estean representados todos os sectores relacionados co lobo en Galicia, onde terá lugar o intercambio de experiencias e a participación de todos os sectores sociais implicados.

-Realización dun estudo sobre o comportamento e a resposta da sociedade respecto ao lobo. Realizarase un estudo sobre o comportamento e a resposta da sociedade respecto ao lobo, que será empregado para avaliar a efectividade do Plan de xestión en canto á redución da conflitividade social e aumento da tolerancia do lobo, e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que servirá de base para deseñar futuras actuacións en función dos cambios de actitude que se producisen. Os resultados deste estudo poderán ser empregados tamén como criterios de zonificación.

4.Posta en valor do lobo e aproveitamento turístico

Co fin de modificar a percepción que desta especie ten unha parte da sociedade, porase en valor a figura do lobo como parte importante do noso patrimonio natural e cultural. Para tal efecto, levaranse a cabo as actuacións que sexan necesarias e que vaian encamiñadas á recuperación, compilación e conservación do patrimonio cultural asociado ao lobo, e a consellería competente na materia realizará un inventario dos monumentos, edificios e obras de arte nos cales estea presente dalgunha maneira o lobo.

-Desenvolvemento de actuacións destinadas a recuperar, recompilar e conservar o patrimonio cultural asociado ao lobo.

-Inventario das trampas para lobos (foxos) en Galiza e propostas de conservación ou recuperación

-Identificación e designación de zonas onde sexa factible o desenvolvemento dun aproveitamento turístico sustentable

-Posta en valor das estruturas cinexéticas tradicionais

-Información aos promotores do sector sobre o potencial turístico do lobo e control de iniciativas ao respecto. Promoverase o aproveitamento racional do lobo como recurso turístico, para o cal se identificarán e se designarán as zonas onde sexa factible o aproveitamento turístico do lobo e/ou do seu patrimonio cultural asociado, poñendo en valor a presenza desta especie na zona, así como as construcións e tradicións ligadas ao lobo e os elementos tradicionais de protección do gando.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Creación dun centro de interpretación do lobo. A súa función será contribuír á conservación do lobo mediante a divulgación social e a educación ambiental, asociándose a actividades turísticas.

5. Coordinación e participación dos sectores implicados

-Participación dos sectores implicados na xestión e conservación do lobo en Galiza.

-Realización de reunións con carácter anual entre os distintos órganos da Xunta.

-Creación dun equipo técnico de asesoramento relacionado co lobo. Constituirase un comité de asesoramento para a xestión e conservación do lobo, que estará integrado por científicos e profesionais de recoñecida competencia nesta materia.

-Definición das liñas básicas de actuación conxunta entre Asturias, Castela e León, Galicia e Portugal

6. Seguimento do plan.

-O seguimento do Plan de xestión do lobo en Galicia realizarase no marco do Observatorio Galego da Biodiversidade. Sen prexuízo do anterior, correspóndelle á consellería competente en materia de ambiente vixiar e garantir o cumprimento deste plan.

- Co fin de avaliar as actuacións desenvolvidas e o grao de cumprimento dos obxectivos previstos no Plan de xestión do lobo en Galicia, a dirección xeral con competencias en materia de conservación da natureza emitirá, con carácter anual, un informe ao respecto.

Asemade, a Xunta iniciará o proceso para a actualización do calendario de actuacións previsto no Plan de Xestión do lobo e para a ampliación do mesmo, e dotará





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

os orzamentos necesarios para levar a cabo as medidas do Plan, mediante modificacións orzamentarias no presente ano 2025 e consolidando en posteriores orzamentos partidas específicas para cada unha das liñas do Plan.

Por último, o Parlamento insta a Xunta a demandar do goberno central e da UE o incremento das dotacións orzamentarias de fomento da gandaría en extensivo, da conservación da biodiversidade e da convivencia do lobo coa actividade gandeira, de maneira que se recoñeza, valore e compense as súas funcións sociais, económicas, culturais e ecosistémicas.”

Santiago de Compostela, 7 de maio de 2025

Asdo.: **Montserrat Valcárcel Armesto**

Deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 07/05/2025 13:26:23

Montserrat Valcárcel Armesto na data 07/05/2025 13:32:36





Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Lara Méndez López e Carlos López Font**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Exposición de motivos

O desenvolvemento de infraestruturas de calidade que melloren a conectividade é fundamental para garantir o progreso e benestar da sociedade galega. Unha boa conectividade contribúe á redución das desigualdades entre rexións e é unha condición necesaria para garantir a cohesión social e para lograr unha igualdade real de oportunidades entre todos os cidadáns de Galicia. A existencia de vías de acceso adecuadas en todo o territorio, non só é importante para mellorar de maneira considerable as oportunidades de desenvolvemento das zonas máis afastadas dos grandes núcleos urbanos, senón que tamén é crucial para elevar a calidade de vida dos seus habitantes. O investimento en infraestruturas de transporte adecuadas, favorece o impulso económico destas zonas, facilita o acceso aos servizos públicos por parte dos seus habitantes e contribúe a evitar o despoboamento, un dos principais desafíos aos que se enfrontan varias rexións de Galicia na actualidade.

Un proxecto que é fundamental para facer fronte a estes desafíos na Mariña Lucense é a construción dun tramo ao Concello de Viveiro, na Vía de Alta Capacidade Costa Norte. O proxecto de Vía de Alta capacidade que debía unir Ferrol con San Cibrao (VAC Costa norte) foi anunciado no ano 2001. As obras comezaron no ano 2009 e a día de hoxe tan só están executadas as variantes de Ortigueira e Xove.





Despois de tantos anos de atraso, construír unha variante que enlace o Concello de Viveiro co resto do territorio galego a través da VAC Costa Norte, é algo que non pode seguir esperando. Isto é crucial para avanzar na conectividade da provincia de Lugo e sobre todo para poñer fin á situación de parálise urbanística que enfrenta Viveiro e para darlle respostas a un territorio historicamente aillado.

Un dos aspectos nos que a falta de infraestruturas e de vías de comunicación adecuadas xera consecuencias negativas, é na evolución demográfica dun territorio. Isto obsérvase de forma clara se se analizan as cifras da evolución demográfica de Viveiro. Segundo os datos do Instituto Galego de Estatística, hai 20 anos, en 2005, Viveiro tiña un total de 15.505 habitantes, mentres que na última medición do ano 2024 rexístranse 15.217 habitantes. Isto mostra que a poboación de Viveiro tivo unha caída de 1,85 % nos últimos 20 anos, unha cantidade que pode parecer reducida, pero que contrasta co crecemento poboacional doutros Concellos da Mariña Central, como Burela e Foz.

Ademais, se se ten en conta que a construción deste tramo leva anos de atraso, é aínda máis necesario que a Xunta de Galicia estableza a construción deste tramo da VAC Norte como unha das súas prioridades. A débeda cos veciños leva moito tempo e non se pode seguir demorando porque isto condena a esta parte da Mariña a un absoluto illamento. No ano 2006 aprobouse un trazado da VAC por Viveiro e ademais fíxose de forma consensuada coa veciñanza e foi aprobado polos plenos do Concello e Deputación con todos os informes e estudos de impacto ambiental necesarios. Con todo, a nova administración da Xunta de Galicia deixou de lado o proxecto e o 5 de agosto de 2010, enviou ao Concello para a súa exposición pública, un novo proxecto con un novo trazado que aprobou de forma unilateral, contrario ao consensuado coa comunidade. Como consecuencia deste cambio de proxecto, o Consello de Viveiro tivo que adaptar o seu Plan Xeral de





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/05/2025 13:42:24
Nº Rexistro: 25047
Data envío: 07/05/2025 13:42:24.774

Ordenación Municipal (PXOM), que tivo o informe favorable da Axencia Galega de Infraestruturas en marzo do ano pasado.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a establecer como unha das súas vías prioritarias a construción do tramo da VAC Norte ao Concello de Viveiro, para rematar esta obra no menor tempo posible logo de moitos anos de atraso, xa que é moi necesaria para avanzar na conectividade da Mariña Lucense.

Santiago de Compostela, 7 de maio de 2025

Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 07/05/2025 13:30:36

Carlos López Font na data 07/05/2025 13:30:51

José Ramón Gómez Besteiro na data 07/05/2025 13:31:02

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

83025

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Mercedes Queixas Zas** e **Iria Taibo Corsanego** e do deputado **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, sobre a necesidade de a Xunta se comprometer co avance do uso do galego no tecido socioeconómico.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En resposta ás preguntas do BNG, en setembro de 2021 o actual Secretario xeral de lingua anunciaba en sede parlamentaria a elaboración do segundo plan de dinamización da lingua galega no tecido socioeconómico e que presentaría “moi pronto” a avaliación do primeiro plan que abranguíu o período 2016-2020.

Case cinco anos despois, o goberno incumpriu a súa palabra e a día de hoxe nin presentou os datos do impacto do plan nin elaborou unha proposta continuadora da anterior con estratexias para poñer en valor a visibilidade, o prestixio e o uso do galego no tecido socioeconómico en cumprimento dos obxectivos e propostas do Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega.

A ausencia de compromiso do proxecto político da Xunta co avance do galego no ámbito socioeconómico non é difícil de contrastar na observación da realidade próxima.

Mirar cara outro lado desde o goberno da Xunta significa obviar o valor económico do galego e desaproveitar un espazo fundamental para os avances en normalización lingüística. Unha demanda que mesmo lle ten trasladado á Xunta o Consello Económico e Social e que, recentemente, ten analizado nun novo informe do





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Consello da Cultura Galega en que demostra que a lingua ten un mercado e unha industria propios e que estes son cuantificables.

A lingua galega é motor de emprego e de desenvolvemento económico, tamén desde o seu valor como marca identitaria; é por iso que, desde o BNG, entendemos que estes criterios necesariamente deben acompañar unha política lingüística centrada na restitución da igualdade para o galego nun espazo comunicativo de alto valor socializador e de prestixio como é o económico.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento insta a Xunta a a se comprometer co avance do uso do galego no tecido socioeconómico, en cumprimento dos obxectivos e propostas do Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega, a través dun novo plan cuatrienal, consensuado cos sectores e axentes representativos da economía galega e dotado do correspondente orzamento.”

Santiago de Compostela, 7 de maio de 2025

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Iria Taibo Corsanego

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 07/05/2025 16:30:09

Iria Taibo Corsanego na data 07/05/2025 16:31:33

Daniel Castro García na data 07/05/2025 16:31:48

Ana Pontón Mondelo na data 07/05/2025 16:32:02





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Noa Presas Bergantiños, Olalla Rodil Fernández** e do deputado **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, relativa á valoración por parte do goberno galego da evolución da violencia machista en Galiza e dos últimos datos do Observatorio contra a Violencia Doméstica e de Xénero do Consello Xeral do Poder Xudicial.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente coñecemos o informe anual que elabora o Observatorio contra a Violencia Doméstica e de Xénero do Observatorio e que permite avaliar distintos indicadores en termos estatais e tamén galegos e, asemade, ofrece distintas reflexións que poden axudar a avaliar, mellorar e reconsiderar a estratexia respecto da violencia machista.

Neste último informe, se ben sinala que respecto dos feminicidios estaríamos na cifra máis baixa da serie histórica, os datos de asasinatos seguen a ser absolutamente insoportables, deixando máis dun asasinato machista por semana con 48 casos en todo 2024 no Estado español. Dentro desta cifra serían 5 en Galiza e hai que advertir, como vén sendo habitual, que moitos casos acaban por cualificarse como violencia de xénero con retardo por mor das investigacións. Esta cifra sería inferior ao promedio interanual que establecen os datos do Observatorio para o período 2003-2024 que é de 58,7 asasinatos por ano.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Outro dos datos que ofrece o Informe é a taxa de mortes por cada millón de mulleres de 15 ou máis anos nas comunidades autónomas que rexistraron algún caso no 2024. Neste sentido, desta volta Galiza representa un 4%, a segunda cifra máis alta do Estado, despois dun ano que nos deixou, de momento, 5 asasinatos recoñecidos como feminicidios.

Unha parte salientable do informe afonda nas características das vítimas, volvendo poñer de relevo que o problema afecta a todos os ámbitos e orixes, cunha ampla heteroxeneidade. Porén, unha das cuestións que reitera o Observatorio é a dificultade de acceder a información completa que permita perfilar as circunstancias socioeconómicas de vítima e agresor e a maneira en que esas circunstancias poidan condicionar a relación entre ambos.

En todo caso, o informe apunta cuestións como a lixeira elevación do promedio de idade das vítimas, a importancia do factor convivencia (66,7% do total), do parentesco ou relación familiar ou que a metade das vítimas serían de nacionalidade española. Outro dato relevante, tendo ademais en conta que durante anos estiveron invisibilizadas, é o referente ás vítimas menores. Así, 24 das asasinadas do Estado tiñan fillos ou fillas, de maneira que ata 40 menores quedaron en situación de orfandade polo asasinato das súas nais, cifra que se eleva ao dobre se temos en conta a todos os fillos e fillas sen acoutar a idade.

Por outra banda, o Informe afonda nas circunstancias da agresión e na liña doutros anos os domicilios son o espazo da agresión en máis de tres cuartas partes dos casos e os meses de verán son os que estatisticamente acumulan máis incidencia, tal e como teñen sinalado múltiples estudos. Así mesmo, segundo os datos máis recentes, o 31,33% das vítimas mortais tiñan presentado denuncia previa contra os seus agresores,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cifra superior á do ano anterior e á do promedio histórico. En Galiza esta cifra é menor, dun 20%.

Á luz dos datos anuais de 2024 e da perspectiva temporal e de experiencia que ofrecen os distintos datos e estudos, propios e alleos, que a Xunta de Galiza ten sobre a materia, é preciso avaliar que mecanismos de mellora introducir no inmediato así como coñecer a valoración que fai o goberno galego do momento actual e das perspectivas de futuro e actuación.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento Galego insta a Xunta de Galiza a intensificar as actuacións conducentes a reforzar e ampliar os recursos de loita contra a violencia machista, a partir das seguintes medidas:

1. Aprobar, en colaboración coas entidades locais, un novo marco de financiamento dos Centros de Información á Muller conducente a reforzar os perfís de traballadoras e traballadores e a súa contratación a xornada completa así como a súa extensión territorial.

2. Avaliar, en colaboración co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galiza a necesidade e as posibilidades existentes para a ampliación do número de sesións que se prestan no programa de intervención para vítimas de violencia, máis alá das xa previstas como excepcionais na actualidade, co obxectivo de cumprir os obxectivos terapéuticos e facer un seguimento suficiente que asegure máis posibilidades de éxito na recuperación.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O goberno galego remitirá ao Parlamento Galego dita avaliación e posibilidades de ampliación.

3. Reverter á xestión pública e directa os centros de atención 24 horas para vítimas de violencia sexual e fornecer os seus servizos, singularmente o de atención psicolóxica, no sistema público.

4. Elaborar no prazo de tres meses unha avaliación do grao de cumprimento das medidas formativas contempladas na Lei 11/2007 e na actualización do Pacto de Estado e acordar, coa representación social das e dos traballadores do sector público, un Plan de formación actualizado, global e transversal con indicadores de avaliación e orzamento propio.

Así mesmo, o Parlamento galego insta a Xunta a demandar do goberno do Estado as seguintes actuacións urxentes:

1. Elaborar, en coordinación co Observatorio contra a Violencia Doméstica e de Xénero do Consello Xeral do Poder Xudicial e os organismos de coordinación e participación interinstitucional necesarios, unha proposta de medidas de mellora para reducir a dificultade de contar con información completa que permita perfilar as circunstancias socioeconómicas de vítima e agresor e a maneira en que esas circunstancias poidan condicionar a relación entre ambos, especialmente no ámbito social, policial e xudicial.

2. Acelerar o cumprimento do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero naqueles aspectos aínda non desenvolvidos, singularmente aqueles que teñen que ver coas reformas do Código Penal ou da Lei de Enxuiamento Criminal, a violencia vicaria, económica e dixital.”





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 7 de maio de 2025

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 07/05/2025 18:02:03

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 07/05/2025 18:02:18

Olalla Rodil Fernández na data 07/05/2025 18:02:31





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Brais Ruanova Vilas-Boas** e da deputada **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, sobre a dotación dun centro de día para o Concello de Oia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O municipio de Oia ten segundo os últimos datos unha poboación de 3.075 habitantes (INE). A súa distribución por idades a partir dos sesenta anos é a seguinte: de 60 a 69 anos 480 persoas, de 70/79 385, de 80/89 214 e finalmente de 90 anos en diante 50 (INE 2024). A suma total destas franxas de idade ascende a 1.129 veciñas e veciños.

Nunha grande porcentaxe da poboación dase a circunstancia de que moitas familias teñen ao seu cargo persoas con necesidades de atención ou dependencia, e ao mesmo tempo hoxe en día por cuestións laborais, esas unidades familiares atópanse con serias dificultades para poder conciliar o traballo coa atención aos seus seres queridos.

Algunhas veces acontece que teñen que renunciar ao traballo para adicarlle o tempo ao coidado dos dependentes, co agravante de tocarlle esa renuncia na meirande parte á muller poñendo de manifesto que aínda queda moito percorrido na igualdade real.

Oia é un concello rural, de 83,3 km² e moita dispersión demográfica. Súmase a deficiencia no transporte público que conecte co centro de saúde e os hospitais de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

referencia, co engadido de non contar cun servizo esencial como é un centro de día xa que na actualidade tampouco dispoñen dun lugar de atención para os seus maiores e dependentes.

Para a cohesión social e económica dun concello e o asentamento da súa poboación é imprescindible dotalos duns servizos básicos como os de dependencia, neste caso dun centro de día ou centro xerontolóxico socio-terapéutico de apoio ás familias de Oia onde poidan deixar durante unha parte do día ao coidado de profesionais aos seus pais, nais, avós e avoas, ou calquera parente con necesidades específicas de atención.

Ante isto, para o Bloque Nacionalista Galego faise preciso que as administracións local e galega traballen man con man para dotar a este concello dun servizo fundamental para a atención as persoas maiores e dependentes. Do mesmo xeito que se teñen anunciado convenios noutros concellos, non se entende como o concello de Oia segue a estar na cola da provincia de Pontevedra en servizos sociais das características descritas.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate na Comisión 5ª:

“O parlamento insta a Xunta a dotar, a través do diálogo co Concello, dun centro de día público ao municipio de Oia na presente lexislatura”.

Santiago de Compostela, 7 de maio de 2025





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Brais Ruanova Vilas-Boas**

Deputado do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 07/05/2025 17:08:21

Olalla Rodil Fernández na data 07/05/2025 17:09:12





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Ariadna Fernández González** e **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, relativa ás prazas nas escolas infantís na comarca do Deza-Tabeirós e Terra de Montes.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 6 de maio de 2025 publicáronse as listaxes de crianzas admitidas na rede pública de escolas infantís dependentes da Xunta de Galiza, á agarda das listaxes definitivas. Nestas lista, as crianzas da comarca do Deza-Tabeirós e Terra de Montes que quedaron en situación de agarda superaron as 70, nada sorprendente, xa que cada curso escolar se repite a situación da falla de oferta para asegurar conciliación que se sofre en concellos coma Silleda ou Lalín, onde quedaron en agarda 23 e 40 crianzas respectivamente, sen que haxa ningunha localidade na que todas as familias visen atendidas as súas demandas.

Malia que as prazas de escolas públicas non son abundas, o goberno galego ven de rexeitar 22 millóns de euros procedentes de fondos europeos que corresponden co mecanismo de recuperación e resiliencia e que tiñan como destino a creación de novas prazas de escola infantil no ámbito público. Coa escusa de que eses fondos non estaban creados para nós, foron restituídos antes incluso de finalizar o prazo para que fosen usados no noso país, alegando dende a Xunta de Galiza, entre outras cousas, que non podían ser usados para o financiamento da escolarización de 0-3 anos a través das escolas infantís privadas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A realidade é que a falla de prazas de escola infantís públicas afecta a todo o país pero, no caso dos concellos situados en áreas en reto demográfico ten unha maior importancia se a nosa intención é non colaborar a través da falla de servizos de conciliación co baleirado do rural galego, que afecta con especial énfase a zonas de Lugo, Ourense e as comarcas do interior de Pontevedra, coma á que nos referimos.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Crear prazas de escola infantil pública na comarca do Deza-Tabeirós e Terra de Montes, asegurando que todas as familias poidan desfrutar deste servizo de conciliación.
2. Asegurar que no curso 2025/2026 as crianzas da comarca terán praza de escola infantil, sen que ningunha quede fóra deste servizo de conciliación.”

Santiago de Compostela, 7 de maio de 2025

Asdo.: **Ariadna Fernández González**

Deputada do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 07/05/2025 18:26:28

Ariadna Fernández González na data 07/05/2025 18:26:31





Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Lara Méndez López** e **Carlos López Font**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As infraestruturas desempeñan un papel clave no desenvolvemento de Galicia, xa que facilitan a conectividade, estimulan a actividade económica e aseguran o acceso equitativo aos servizos públicos. A súa mellora e expansión axudan a reducir as diferenzas entre territorios, fortalecen o sector produtivo e elevan a calidade de vida da poboación. Así pois, investir en infraestruturas é fundamental para o desenvolvemento sostible e equilibrado de Galicia, asegurando a súa competitividade e benestar futuro.

A LU-611, ao seu paso polo municipio de Taboada, é unha vía de gran importancia para a conectividade desta localidade e outras zonas rurais circundantes. Esta estrada desempeña un papel fundamental na comunicación e mobilidade dos veciños, así como nas actividades económicas da área, que inclúen o sector agrícola, comercial e turístico. A mellora e o mantemento desta vía son, polo tanto, elementos clave para garantir o benestar dos habitantes de Taboada e a súa integración na rede viaria autonómica.

Nos últimos anos, a estrada LU-611 presentou un deterioro significativo no seu firme, consecuencia tanto do paso do tempo como do uso intensivo, que se ve amplificado polos efectos climatolóxicos. Dada a relevancia desta vía para o desenvolvemento e a seguridade do municipio de Taboada, a súa rehabilitación debe de ser unha prioridade.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/05/2025 09:38:29
Nº Rexistro: 25107
Data envío: 08/05/2025 09:38:29.246

Non obstante, estas melloras non se deben limitar só ao tramo que atravesa Taboada, senón que deberían estenderse tamén a outras vías do municipio e áreas limítrofes que presentan deficiencias semellantes. A rehabilitación e mantemento das infraestruturas viarias en toda a zona deben ser unha prioridade para garantir unha rede de comunicación segura e accesible, que faga posible o desenvolvemento económico e social, favoreza a integración das zonas rurais e mellore a calidade de vida da poboación.

Por todo isto, resulta fundamental que a rehabilitación da LU-611 ao seu paso por Taboada se considere unha prioridade nas políticas de infraestruturas da Xunta de Galicia, co obxectivo de garantir a seguridade viaria e apoiar o desenvolvemento integral da comarca.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a priorizar a rehabilitación integral da LU-611 ao seu paso por Taboada, levando a cabo todas as melloras que sexan necesarias, co obxectivo de reducir os riscos de accidentes, mellorar o fluxo de tráfico e garantir a accesibilidade dos veciños e das actividades económicas da zona.

Santiago de Compostela, a 8 de maio do 2025

Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 08/05/2025 09:31:51

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

83041

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/05/2025 09:38:29
Nº Rexistro: 25107
Data envío: 08/05/2025 09:38:29.246

Carlos López Font na data 08/05/2025 09:32:05

José Ramón Gómez Besteiro na data 08/05/2025 09:32:14

CSV: BOPGDSPG-1FHW0Fcq-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

83042

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Ariadna Fernández González** e **Olalla Rodil Fernández** e do deputado **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Este pasado luns 5 de maio, tras ser aprazada polo apagamento da semana pasada, o Ministerio de Xuventude e Infancia convocou novamente ás comunidades autónomas na conferencia sectorial para avanzar no plan para derivar aos nenos, nenas e adolescentes migrantes non acompañados, que na actualidade se atopan en Ceuta e as Illas Canarias, nun sistema que non ten capacidade para dar atención aos aproximadamente 4000 menores que chegaron ás fronteiras do estado español nos últimos meses.

Nesa conferencia as CCAA cuxos gobernos ostenta o PP rexeitaban novamente os criterios seguidos á hora destes traslados, que comezarán a levarse a cabo segundo as previsións que se deron a coñecer, neste próximo verán. O noso país, representado na reunión pola Conselleira de Política Social, Dona Fabiola García, fixo saber que non estaba de acordo co acollemento dos 326 menores non acompañados que terán como destino Galiza, cunhas afirmacións desafortunadas por parte da máxima responsable nesta área, cuxas competencias son exclusivas.

Tras recoñecer en recentes ocasións que o noso sistema de protección estaba sobreesaturado, ofrecendo datos concretos dun 108% de ocupación, co que iso implica no bo desenvolvemento dos centros residenciais de menores, sexa cal sexa a súa





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

tipoloxía, e en todos aqueles organismos que traballan para a protección de todos os nenos, nenas e adolescentes, que non teñen medios técnicos nin humanos para levar a cabo as súas funcións de xeito axeitado por falla de recursos.

Nas declaracións realizadas e, tras solicitar ao igual que os seus homólogos do PP a nulidade da conferencia sectorial con mención a unha posible presentación de recurso nos tribunais, a responsable máxima da Consellería de Política Social, referiuse á distribución con expresións coma “vai rebentar o sistema de protección galego” ou “vamos ter que crear guetos, parece que é o que pretende o Goberno”. Estas afirmacións foron repetidas posteriormente en sede parlamentaria dous días despois tras unha interpelación do BNG sobre o sistema de protección de menores galego e o seu estado de falla de recursos e desleixo perpetuo no que a Xunta de Galiza o mantén sumido, cun baixo investimento, falla de planificación e falla de avaliación da súa totalidade e creación dun plan concreto tras analizar as eivas.

O uso deses termos (imposicións, guetos, rebentar o sistema, trágalas, etc) e as acusacións que se verten sobre este colectivo de menores, culpabilizándoos de que a súa chegada exercerá presión sobre os nosos servizos públicos, non son propios dun membro do goberno galego.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Aumentar o investimento no sistema de protección galego na súa totalidade que permita a correcta atención de todos os menores que o precisen, independentemente da súa orixe.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Acoller a todos os nenos, nenas e adolescentes migrantes non acompañados, aportando os recursos necesarios para facelo dende a Consellería de Política Social.

3. Rectificar sobre as declaracións vertidas por parte da Conselleira de Política Social ao respecto da chegada dos menores migrantes non acompañados ao noso país.”

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2025

Asdo.: **Ariadna Fernández González**

Daniel Castro García

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 08/05/2025 12:08:50

Daniel Castro García na data 08/05/2025 12:13:56

Olalla Rodil Fernández na data 08/05/2025 12:13:57





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Miguel Fidalgo Iglesias, Jesús María Fernández Rosende, María Deza Martínez, Dolores Hermelo Piñeiro, Patricia García González, Paula Mouzo Más, Raúl Santamaría González, e Manuel Santos Costa** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en Comisión 8ª Pesca e Marisqueo**.

Exposición de Motivos:

Nos últimos meses rexistráronse verteduras recorrentes na contorna da Ribeiriña, no termo municipal da Pobra do Caramiñal, que supoñen un grave problema ambiental e social.

As responsabilidades destes episodios recaen claramente na inacción do propio Concello da Pobra do Caramiñal e a implicación da Dirección Xeral de Costas, dependente do Goberno de España, así como da empresa pública TRAGSA, responsable da execución da obra vinculada á situación actual.

Cómpre dicilo con claridade: o Concello mirou sempre para outro lado. Lavouse as mans desde o primeiro momento, negándose a asumir responsabilidade algunha, ignorando as queixas veciñais e desentendéndose da execución da obra.

O único interese do actual Goberno local, conformado polo BNG o PSOE xunto con outras dúas forzas políticas, parece ser o de ocultar o abandono ao que someteu á zona da Ribeiriña e tapar a súa lamentable xestión, tentando culpabilizar á Xunta de Galicia, que non tivo participación ningunha na execución da obra.

A realidade é que a Xunta cumpriu coa súa responsabilidade desde o primeiro minuto. Actuou con dilixencia tras recibir o 4 de xaneiro de 2025 unha alerta do 112 por un episodio de contaminación. Ao día seguinte, o 5 de xaneiro, activouse o Plan CAMGAL, e enviáronse medios das consellerías de Medio Ambiente e Cambio Climático e do Mar para intervir na zona.

Gardacostas de Galicia desprazou dúas embarcacións para realizar labores de abatemento mecánico, trasladouse material de contención e despregouse unha barreira para limitar a expansión do vertido. A Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático mobilizou axentes por terra, mentres que técnicos de Augas de Galicia, xunto

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





con membros de Protección Civil, Seprona e Gardacostas, realizaron inspeccións conxuntas.

Ademais:

- O servizo de inspección ambiental da Dirección Xeral de Calidade Ambiental tamén estivo traballando na zona.
- Augas de Galicia mantén un seguimento continuo da situación.
- A Xunta validou un plan de investigación para que Costas do Estado, como titular dos terreos de La Onza de Oro, presente nun prazo de catro meses un informe final. A partir dos resultados dese informe, determinaranse as actuacións a seguir.

Cómpre lembrar que a contaminación detectada ten unha orixe terrestre, e que, polo tanto, o Concello da Pobra do Caramiñal ten competencias directas en materia de medio ambiente segundo o artigo 25.2 da Lei de Bases do Réxime Local. É a súa obriga legal investigar e protexer o medio no seu ámbito territorial, e neste caso non o fixo.

Por todo iso, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que, no exercicio das súas competencias, se dirixa formalmente ao Concello da Pobra do Caramiñal e á Dirección Xeral de Costas do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico (Goberno de España) co fin de:

1. Esixir a asunción das responsabilidades polos vertidos detectados na Ribeiriña.
2. Requirir a identificación rigorosa da súa orixe e a súa inmediata eliminación.
3. Demandar a adopción urxente das medidas necesarias para corrixir as deficiencias que os provocan e evitar novos episodios contaminantes.
4. Recordar ao Concello da Pobra do Caramiñal a súa obriga legal de exercer plenamente as súas competencias en materia de medio ambiente, conforme ao artigo 25.2 da Lei de Bases do Réxime Local.
5. Axilizar o plan de investigación para que Costas do Estado antes do 18 de xullo presente o seu informe final, xa que a partir dos resultados obtidos, se determinaran as actuacións a seguir.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Santiago de Compostela, 8 maio 2025

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 08/05/2025 12:27:05

Miguel Fidalgo Iglesias na data 08/05/2025 12:27:19

Manuel Santos Costa na data 08/05/2025 12:27:27

Jesús María Fernández Rosende na data 08/05/2025 12:27:42

Maria Magdalena Perez Millares na data 08/05/2025 12:27:54

María Deza Martínez na data 08/05/2025 12:28:06

Dolores Hermelo Piñeiro na data 08/05/2025 12:28:19

Raúl Santamaría González na data 08/05/2025 12:28:26

Patricia García González na data 08/05/2025 12:28:39

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas **Jesús Fernández Rosende, Patricia García González, Paula Mouzo Mas, María Deza Martínez, Miguel Fidalgo Iglesias, Dolores Hermelo Piñeiro, Magdalena Pérez Millares, Raúl Santamaría González e Manuel Santos Costa**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª, Pesca e marisqueo**.

Exposición de motivos

Os problemas da Ria do Burgo e dos profesionais do mar que dependen dela para a súa subsistencia, non se limitan, nin moito menos, ao retraso en recuperar o seu medio de vida ou en cobrar as compensacións ás que teñen dereito, segundo o establecido no proxecto, e que abranguen todo o tempo de inactividade, desde que cesaron o marisqueo polos traballos de saneamento, ata que o recurso acadase, co paso do tempo, o tamaño comercial que permita a súa venda.

Xorden novos problemas que quedan en evidencia no informe realizado por técnicos da Confraría de Pescadores da Coruña que, elaboran unha análise detallada sobre o estado actual dos bancos marisqueiros tras a finalización das obras de dragaxe ambiental na Ría do Burgo, e dos que cabe concluír (cita literal) “que dita actuación tivo un impacto máis significativo, maior do esperado, sobre os bancos marisqueiros.”

No devandito informe afírmase incluso que “xa durante as obras dragado, identificáronse varios impactos nos bancos marisqueiros que non estaban contemplados inicialmente no proxecto. Estes impactos, na súa maior parte, foron debidos a un remate inadecuado ou incompleto das actuacións previstas, ou por desviacións respecto ao proxecto orixinal.”

E continua “algunhas destas alteracións están relacionadas con cambios na cota, nas características granulométricas e coa presenza de irregularidades nas superficies dos bancos marisqueiros (depresións e fochancas) causadas pola maquinaria pesada”. Todo isto está a afectar gravemente a áreas craves para a actividade marisqueira, xa que están a reducir a superficie marisqueira produtiva e, en consecuencia, están a poñer en risco a sustentabilidade da actividade do marisqueo”.

En base a iso, continúa o informe “a Confraría de Pescadores da Coruña propón unha serie de accións correctoras, co fin de recuperar as condicións óptimas para a fixación e desenvolvemento das especies marisqueiras nos bancos marisqueiros afectados.”



De seguido este informe enumera as distintas zonas afectadas clasificándoas en dous grandes grupos, segundo o seu réxime de explotación, e propón, unha a unha, cales serían, ao seu xuízo, as medidas apropiadas para recuperalas.

Segundo a Confraría “Na inspección realizada despois da finalización das obras do dragaxe ambiental na ría, comprobouse que case a totalidade dos bancos marisqueiros, 24 dun total de 27, sufriron algún tipo de afectación directa ou indirecta. Segundo a modalidade de marisqueo, todos os bancos nos que se traballa a flote estaban afectados, mentres que dous que se traballan a pé estaban afectados 20 dun total de 23 bancos.”

En definitiva e para desgraza de agrupación de mariscadores, os seus problemas e os da Ría, a súa óptima recuperación e produtividade, están lonxe de arranxarse, mentres contemplan como se destinan fondos a outras actuacións na mesma zona, investimentos non produtivos ou ornamentais, a ambos os dous marxes da Ría.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España, en particular ao Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, para que adopte as seguintes medidas:

1. Reclamar a finalización inmediata dos traballos de saneamento e recuperación da Ría do Burgo, nos termos previstos no proxecto orixinal.
2. Corrixir todas as deficiencias detectadas pola Confraría de Pescadores da Coruña na execución dos traballos realizados durante a dragaxe da Ría do Burgo e que están a xerar un impacto significativo nos bancos marisqueiros reducindo a superficie produtiva e poñendo en risco a sustentabilidade da actividade.



3. Que estableza unha nova compensación polos danos sufridos polos mariscadores, alongando o período con dereito a compensacións ata que, finalizadas estas actuacións, os moluscos sementados acaden a talla exixida para a súa comercialización.”

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2025

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 08/05/2025 12:35:09

Jesús María Fernández Rosende na data 08/05/2025 12:35:24

Patricia García González na data 08/05/2025 12:35:34

Paula Mouzo Mas na data 08/05/2025 12:35:48

María Deza Martínez na data 08/05/2025 12:36:01

Miguel Fidalgo Iglesias na data 08/05/2025 12:36:15

Dolores Hermelo Piñeiro na data 08/05/2025 12:36:30

Maria Magdalena Perez Millares na data 08/05/2025 12:36:42

Raúl Santamaría González na data 08/05/2025 12:36:50

Manuel Santos Costa na data 08/05/2025 12:37:03



A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa das deputadas e deputados, **Raquel Arias Rodríguez, Encarna Amigo Díaz, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Noelia Pérez López, Ethel Vázquez Mourelle e Magdalena Pérez Millares**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A igualdade entre mulleres e homes é un pilar básico das sociedades democráticas modernas recoñecido en todos os niveis normativos, e en diversos textos internacionais sobre Dereitos Humanos, entre os que destaca a Convención sobre a eliminación de todas as formas de discriminación contra a muller aprobada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas en decembro de 1979 e ratificada por España en 1983. Este principio garante que todas as persoas, independentemente do seu sexo, teñan os mesmos dereitos, oportunidades e responsabilidades ou deberes fronte ao Estado e a sociedade no seu conxunto.

Dende ese momento sucedéronse numerosas normativas tanto a nivel estatal como autonómico e nese contexto cabe poñer en valor que Galicia é pioneira tanto dende o punto lexislativo como nas medidas de apoio encamiñadas a conseguir esa igualdade.

Aínda que é moito o que se leva avanzado e pese ao pleno recoñecemento da igualdade formal ante a lei, para chegar a igualdade real aínda quedan importantes pasos que dar.

Co fin de dar un chanzo máis neste camiño o Parlamento de Galicia aprobou a lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, que sitúa a Galicia como un referente na loita polos dereitos da muller e no combate de novas fórmulas de discriminación, como as emanadas dos novos paradigmas comunicativos ou dos avances tecnolóxicos. Ademais, introduce novos apoios no eido laboral, regulando conceptos novidosos como a sustentabilidade social e empresarial ou o concepto de benestar laboral, como pilar para guiar as políticas de emprego e fomentar a conciliación, a flexibilidade horaria ou o teletraballo.

Así mesmo, a nova Lei incide en medidas concretas contra as discriminacións múltiples das mulleres con discapacidade; promove programas autonómicos para crear espazos urbanos seguros, libres de violencia sexual e de acoso; e tamén dedica un capítulo ás mulleres que traballan nos sectores rural e marítimo-pesqueiro.



O título V recolle nun único artigo , o 147, os dereitos das mulleres no desenvolvemento rural e do sector marítimo-pesqueiro, poñendo de relevo que :

A Administración xeral da Comunidade Autónoma, no marco das súas competencias promoverá o dereito á igualdade de trato e de oportunidades en todos os ámbitos, sempre desde unha perspectiva interseccional.

Para ese fin, terá en conta, no deseño e desenvolvemento das políticas públicas, as realidades específicas que atinxen as mulleres nos espazos rurais e tamén no sector marítimo-pesqueiro.

A Administración Xeral da Comunidade Autónoma promoverá o apoderamento e a participación activa das mulleres nestes ámbitos a través da elaboración e aprobación dos seus respectivos estatutos.

Tamén se contempla a creación do Observatorio das Mulleres Rurais e do Mar, que contarán con unha sección do mar e outra do Rural, e servirá como órgano asesor e de análise da situación da ambos eidos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que:

- 1.- Ao longo do ano 2025 se poña en marcha o Observatorio das Mulleres Rurais e do Mar, cunha sección do Mar e outra do Rural.
- 2.- Se axilice a creación dos Estatutos das mulleres do rural e do sector Marítimo-pesqueiro abrindo este mesmo ano o proceso de diálogo coas entidades representativas en ámbolos dous eidos”.

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2025

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 08/05/2025 12:13:11

Raquel Arias Rodríguez na data 08/05/2025 12:13:28

María Encarnación Amigo Díaz na data 08/05/2025 12:13:46

Víctor Baladrón Lamas na data 08/05/2025 12:13:54



Nicole Grueira Fernández na data 08/05/2025 12:14:08

Dolores Hermelo Piñeiro na data 08/05/2025 12:14:20

Argimiro Marnotes Fernández na data 08/05/2025 12:14:32

Noelia Pérez López na data 08/05/2025 12:14:48

Ethel Vázquez Mourelle na data 08/05/2025 12:15:02

Maria Magdalena Perez Millares na data 08/05/2025 12:15:19



A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa das deputadas e deputados, **Raquel Arias Rodríguez, Encarna Amigo Díaz, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Noelia Pérez López, Ethel Vázquez Mourelle e Magdalena Pérez Millares**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A Lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás Persoas en Situación de Dependencia, establece un marco común de protección para as persoas dependentes en España. Esta norma dispón que a financiación dos servizos e prestacións debe ser asumida de maneira equitativa entre o Goberno central e as comunidades autónomas, garantindo un sistema sostible e eficaz. Porén, este principio de cofinanciamento non se está a cumprir, o que supón unha carga desproporcionada para comunidades como Galicia, que levan anos compensando coa súa propia financiación o incumprimento do Estado.

A realidade é que a achega estatal á dependencia segue a ser insuficiente, xerando un déficit que Galicia tivo que suplir con fondos propios. Actualmente, a débeda acumulada do Goberno central coa nosa comunidade en materia de dependencia supera os 2.500 millóns de euros, o que afecta directamente á capacidade de mellorar e ampliar os servizos. Mentres tanto, Galicia segue a incrementar o seu compromiso cun sistema de atención máis áxil e eficaz, tal e como demostra o novo Plan de Choque para a Dependencia impulsado pola Xunta de Galicia en 2024, que introduce medidas clave para mellorar a xestión e reducir os tempos de resposta.

Entre as principais medidas deste plan destacan:

- Simplificación administrativa: a solicitude de dependencia redúcese a un único trámite, eliminando burocracia innecesaria.
- Resolución conxunta de dependencia e discapacidade: garantindo unha resposta máis áxil ás persoas que soliciten ambos recoñecementos.
- Vía preferente para persoas maiores de 80 anos: reducindo tempos de espera para este colectivo prioritario.
- Reforzo dos equipos de valoración: ampliación de persoal para axilizar os procesos de tramitación.



- Blindaxe do papel dos traballadores sociais nos concellos: garantindo que os profesionais do ámbito social dispoñan dos medios necesarios para atender ás persoas dependentes de maneira efectiva.

Este esforzo da Xunta de Galicia tradúcese nun incremento do 12% no investimento en dependencia, acadando os 600 millóns de euros anuais. Con todo, este incremento autonómico non pode suplir indefinidamente o incumprimento do Goberno central. A falta de compromiso do Executivo estatal pon en risco a sostibilidade do sistema, impide a ampliación dos servizos e prexudica ás persoas que máis precisan dunha atención áxil e eficaz.

A situación actual supón unha discriminación inxustificada para Galicia, que debe afrontar a maior parte do financiamento en solitario, a pesar de que a Lei de Dependencia establece que o Goberno de España debe cubrir o 50% dos custos. Esta falta de corresponsabilidade financeira non só lastra a capacidade da nosa comunidade para mellorar a atención á dependencia, senón que tamén pon en perigo a equidade territorial no acceso a estes servizos esenciais.

Por isto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia, a dirixirse ao Goberno de España para:

- 1.- Cumprir co establecido na Lei de Dependencia e asumir o financiamento do 50% do custo dos servizos e prestacións, garantindo un reparto equitativo dos recursos entre o Goberno de España e as comunidades autónomas.
- 2.- Abonar de maneira inmediata a débeda acumulada con Galicia, que supera os 2.500 millóns de euros, permitindo así fortalecer o sistema de atención á dependencia na nosa Comunidade.
- 3.- Incrementar os fondos destinados ás comunidades autónomas para a atención á dependencia, asegurando que todas as persoas con dereito a prestacións poidan acceder a elas sen demoras inxustificadas.
- 4.- Establecer un plan de financiamento estable e plurianual, que permita ás comunidades autónomas planificar e mellorar os servizos de dependencia con previsibilidade e seguridade orzamentaria.”



Santiago de Compostela, 8 de maio de 2025

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 08/05/2025 12:25:13

Raquel Arias Rodríguez na data 08/05/2025 12:25:29

María Encarnación Amigo Díaz na data 08/05/2025 12:25:43

Víctor Baladrón Lamas na data 08/05/2025 12:25:51

Nicole Grueira Fernández na data 08/05/2025 12:26:02

Dolores Hermelo Piñeiro na data 08/05/2025 12:26:12

Argimiro Marnotes Fernández na data 08/05/2025 12:26:33

Noelia Pérez López na data 08/05/2025 12:26:47

Ethel Vázquez Mourelle na data 08/05/2025 12:26:59

Maria Magdalena Perez Millares na data 08/05/2025 12:27:12





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Carmen Pomar Tojo, Rubén Lorenzo Gómez, José Luis Ferro Iglesias, Víctor Baladrón Lamas, Julio García Comesaña, Patricia García González, Raúl Santamaría González, María Felisa Rodríguez Carrera, Cecilia Suárez Vázquez e Borja Vereja Fraiz** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en Comisión 4ª; Educación e Cultura.**

Exposición de Motivos:

O Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 5, outórgalles ó galego e ó castelán o carácter de linguas oficiais que todos teñen o dereito de as coñecer e as usar; como tamén establece que os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en tódolos planos da vida pública, cultural e informativa, para o que disporán dos medios necesarios para facilitar o seu coñecemento.

Da equiparación legal entre galego e do castelán derívase a necesidade de contar con profesionais cualificados para a tradución e a interpretación doutras linguas para o galego, e viceversa. Do que xorde a necesidade de regular a habilitación destes especialistas, cuestión que facilita, ademais, o uso do galego na documentación xurídica, administrativa e económica, e nos actos e procedementos que deban ter efectos fóra da Comunidade Autónoma de Galicia, ou que conteñan actuacións procedentes de fóra do seu ámbito territorial.

En consecuencia, ditouse pola Xunta de Galicia o Decreto 267/2002, do 13 de xuño, polo que se regula a habilitación profesional para a tradución e a interpretación xurada doutras linguas para o galego, e viceversa. Conforme ao previsto neste decreto, a consellería competente en materia de política lingüística publicou dúas convocatorias

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





de probas para acadar a habilitación nas modalidades de tradución e de interpretación. E, por outra banda, está a tramitar as solicitudes de habilitación directa que teñan os requisitos previstos no citado decreto.

Por outra banda, o Ministro de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación é competente para a concesión dos títulos de tradutor/a xurado/a e intérprete xurado/a, pero non está a convocar probas para as linguas cooficiais, por ser agora competencia das comunidades autónomas con lingua propia.

Porén, o problema ante o que se atopan estas comunidades é que o Ministerio non recoñece os títulos de tradución e interpretación xurada que autorizan as mesmas. Con todo, atopámonos ante unha grave situación de indefensión para o colectivo de tradutores e intérpretes xurados e tamén para unha comunidade que, a medida que pasa o tempo, conta con menos efectivos habilitados.

Ante esta situación, os deputados e as deputadas asinantes formulan a seguinte proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno central para que, de acordo coas comunidades autónomas con lingua propia, adopte as modificacións normativas necesarias para o recoñecemento oficial dos títulos de tradución e interpretación xurada que autorizan as mesmas”.





Santiago de Compostela, 8 de maio de 2025.

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 08/05/2025 12:40:12

Carmen Pomar Tojo na data 08/05/2025 12:40:50

Rubén Lorenzo Gómez na data 08/05/2025 12:41:01

José Luis Ferro Iglesias na data 08/05/2025 12:41:15

Víctor Baladrón Lamas na data 08/05/2025 12:41:30

Julio García Comesaña na data 08/05/2025 12:41:38

Patricia García González na data 08/05/2025 12:41:49

Raúl Santamaría González na data 08/05/2025 12:41:58

María Felisa Rodríguez Carrera na data 08/05/2025 12:42:08

Cecilia Vázquez Suárez na data 08/05/2025 12:42:17

Borja Vereza Fraiz na data 08/05/2025 12:42:27

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Cecilia Vázquez Suárez, María Felisa Rodríguez Carrera, Rubén Lorenzo Gómez, Patricia García González, Julio García Comesaña, Raúl Santamaría González, José Luis Ferro Iglesias, Carmen Pomar Tojo e Víctor Baladrón Lamas** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en Comisión 4ª Educación e Cultura**.

Exposición de Motivos:

A Xunta de Galicia está realizando esforzo sen precedentes para a mellora, adecuación e modernización das infraestruturas educativas da nosa comunidade. Galicia, polas súas características demográficas e pola súa ordenación territorial, dispón dunha extensa rede de máis de 1.600 edificacións que se estenden por practicamente a totalidade dos concellos galegos.

Esta capilaridade é esencial para asegurar un ensino de calidade e equitativo, pois permite garantir o acceso ao sistema educativo en igualdade de condicións para toda a poboación, con independencia do lugar no que viva. Sen embargo, a magnitude desta rede de centros cunha antigüidade media de máis de 40 anos implica tamén un importante reto de mantemento, renovación e adaptación das infraestruturas ás novas necesidades educativas e tecnolóxicas.

Co obxectivo de avanzar neste obxectivo, a Xunta de Galicia puxo en marcha, no ano 2021, o Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica, que iniciou este curso a súa segunda fase e co que se elevará a preto de 500M€ o investimento global do Goberno galego na mellora de colexios e institutos. Estamos ante o maior investimento na historia da educación pública galega neste eido.

A Xunta de Galicia está realizando este traballo en solitario, a pesar de que en reiteradas ocasións o Grupo Popular solicitou ao Goberno central fondos específicos para esta materia, a realidade é que, na actualidade, non existe ningún tipo de instrumento de apoio financeiro estatal dirixido a concellos ou comunidades autónomas para a mellora dos centros educativos.

Engadido a esta ausencia de financiamento estatal, existe un factor fiscal ao que é necesario prestar tamén atención: as obras de construción ou rehabilitación de escolas



están suxeitas ao tipo xeral do IVE, o 21%, a pesar de tratarse de actuacións vencelladas á prestación dun servizo público esencial como é a educación. Entendemos que esta situación debe ser revisada no contexto actual e que este tipo de actuacións deberían tributar a un tipo reducido do 10%, como mecanismo que permitiría ampliar o número de intervencións e optimizar os recursos públicos. Tal e como se fai noutras liñas de acción política-administrativa.

Galicia non só está a facer o maior investimento da súa historia na mellora dos centros educativos, senón que o está a facelo en solitario. É hora de que o Goberno do Estado se implique de maneira efectiva na modernización das infraestruturas educativas do conxunto de España.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a solicitar ao Goberno central as seguintes demandas:

1.Modificar a normativa fiscal vixente para que as obras de construción, reforma ou rehabilitación de centros educativos públicos tributen a un tipo reducido do 10% de IVE, ao tratarse de actuacións vencelladas á prestación dun servizo esencial e básico como é a educación.

2.Habilitar un fondo específico de cooperación territorial para que as Administracións autonómicas e locais, dentro das súas respectivas competencias, contén con máis recursos coa finalidade última de mellora dos centros educativos e adaptalos aos novos retos da sociedade actual.”

Santiago de Compostela, 8 de maio 2025.

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 08/05/2025 13:15:10

Cecilia Vázquez Suárez na data 08/05/2025 13:15:21

María Felisa Rodríguez Carrera na data 08/05/2025 13:15:31

Rubén Lorenzo Gómez na data 08/05/2025 13:15:39



Carmen Pomar Tojo na data 08/05/2025 13:15:47

Víctor Baladrón Lamas na data 08/05/2025 13:15:58

Raúl Santamaría González na data 08/05/2025 13:16:06

Patricia García González na data 08/05/2025 13:16:15

Julio García Comesaña na data 08/05/2025 13:16:40

José Luis Ferro Iglesias na data 08/05/2025 13:17:01





Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **María Elena Espinosa Mangana** e **María del Carmen Rodríguez Dacosta**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O día 5 de maio, asínanse os acordos de xestión para as sete áreas sanitarias de Galicia, que son os instrumentos para materializar a xestión sanitaria, vinculados á planificación estratéxica con obxectivos de cada área.

Os obxectivos expóñense en tres grandes áreas: asistencial, recursos humanos e recursos económicos.

Por outra parte, en canto ás áreas asistenciais, diferéncianse catro bloques: eficiencia asistencial e sostible, calidade asistencial, integración asistencial e resultados de saúde.

E para realizar o seguimento establécense un conxunto de indicadores. Nesta iniciativa non imos entrar en todos eles senón centralos nalgún ámbito concreto.

Os acordos de xestión din que a prioridade do Sergas é acadar a máxima accesibilidade, e a saúde mental consolídase como unha prioridade transversal para todo o sistema sanitario galego.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/05/2025 13:23:00
Nº Rexistro: 25153
Data envío: 08/05/2025 13:23:00,981

E sabemos que un dos asuntos que máis preocupa os galegos e galegas en relación coa sanidade pública son as listas de espera. E para o Sergas debería ser unha liña de traballo prioritaria.

Por este motivo é difícil de entender algúns dos obxectivos que se prevén nos acordos de xestión.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Rebaixar os días da vía rápida para atención a conducta suicida en adultos e infante xuvenil que figura no acordo de xestión da Área Sanitaria de Ourense.
2. Modificar o acordo de xestión da Área Sanitaria de Ourense para que o tempo medio de espera para unha cirurxía sexa inferior a 69,5 días, que son os días medios de espera a 31.12.2024.
3. Modificar o acordo de xestión da Área Sanitaria de Ourense, para que o tempo medio de espera para unha cirurxía en prioridade 1 sexa inferior a 12,7 días que son os días medios de espera a 31.12.2024.

Santiago de Compostela, a 8 de maio de 2025

Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 08/05/2025 13:15:30

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

83065

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/05/2025 13:23:00
Nº Rexistro: 25153
Data envío: 08/05/2025 13:23:00,981

Carmen Rodríguez Dacosta na data 08/05/2025 13:15:41

José Ramón Gómez Besteiro na data 08/05/2025 13:15:51

CSV: BOPGDSPG-1FHW0Fcq-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

83066

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado **Secundino Fernández Fernández** e das deputadas **Sonia Vidal Lamas**, e **Ariadna Fernández González**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 7ª**, sobre as axudas a zonas con limitacións naturais en zonas de montaña no ano 2025.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A ORDE do 25 de febreiro de 2025 pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandería e das axudas ao desenvolvemento rural suxeitas ao sistema integrado de xestión e control publicada no DOG o pasado 5 de marzo trouxo consigo unhas novidades con respecto ao ano 2024

Dentro das axudas que figura nesta orde de axudas da PAC 2025 están dúas que xa teñen unha longa tradición dentro das axudas agrarias. Estas axudas son as de zonas con limitacións naturais en zonas de montaña e zonas con limitacións naturais en zonas distintas de montaña; o nome variou ao longo dos anos destas axudas, pero o obxectivo final era o mesmo.

Estas dúas axudas son fundamentais para as explotacións de gando extensivo, tanto de vacún carne e leite como de ovino cabrún, principalmente nas zonas de montaña. A sorpresa dos gandeiros de vacún de carne e de ovino, nas zonas de montaña é maiúsculo co cambio de criterios da Xunta do PP.

Este cambio de criterios implica que moitas explotacións van quedar fora destas axudas por non cumprir os novos requisitos e por outra banda os que cumpran os requisitos van recibir un volume de axudas moi inferior as do ano 2024. Estes criterios





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que afectan van dende o cambio de relación de animal e UGM, sexa vacún de carne ou ovino, até a contía de axuda por hectárea e a degresividade por superficie. Este cambio de criterios, curiosamente non cambia nas explotacións de zonas con limitacións naturais distintas de montaña e con vacún de leite.

Parece que a Xunta de Galiza se esquece das explotacións das zonas de montaña da Galiza interior, da Galiza con menos actividade agraria e que debera ser máis apoiada. Parece que as poucas explotacións de ovino e as de vacún de carne estorban.

Non se entende como pode ser que se cobre máis axuda en zonas xeográficas máis produtivas; cando debería ser ao revés.

Parece que esta consellería pretende ir eliminando estas explotacións agrarias, as que debera potenciar son excluídas e boicoteadas polo goberno da Xunta de Galiza.

Dende o BNG non entendemos que se siga pondo limitacións as explotacións; non entendemos esta actuación da Xunta do PP contrario as mulleres e homes que están traballando e vivindo no rural e que decidiron apostar por un tipo de explotación respectuoso co medio ambiente e que produce alimentos de alta calidade nun territorio que está nun franco despoboamento.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 7ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Modificar a orde de axudas da PAC do 2025 de xeito que as axudas a zonas con limitacións naturais nas zonas de montaña teñan os mesmos criterios e financiamento que no ano 2024.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Facer os cambiar normativos para que as explotacións gandeiras de vacún de carne e de ovino cabrún das zonas de montaña non perda as axudas nin o volume económico que tiña anteriormente.”

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2025

Asdo.: **Secundino Fernández Fernández**

Sonia Vidal Lamas

Ariadna Fernández González

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Secundino Fernández Fernández na data 08/05/2025 13:19:09

Sonia Vidal Lamas na data 08/05/2025 13:24:31

Ariadna Fernández González na data 08/05/2025 13:25:17

Luis Bará Torres na data 08/05/2025 13:25:18





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres** e das deputadas **Iria Carreira Pazos** e **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, sobre obras de mellora do Hospital Provincial.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo as previsións da área sanitaria Pontevedra-Salnés, o Hospital Provincial de Pontevedra vai seguir mantendo a actividade sanitaria cando entre en funcionamento o Novo Hospital de Montecelo.

Tendo en conta que só se van trasladar algúns servizos ao novo hospital, e que aínda non hai un calendario claro sobre a remodelación do actual Montecelo, a previsión é que o Provincial siga en funcionamento cando menos até o ano 2030. As especulacións sobre pretendidos futuros usos non sanitarios do Provincial son polo tanto foguetes de artifício e intentos de desviar a atención.

Segundo informacións recentes, a previsión é manter no Provincial, en tanto non se reforme o hospital Montecelo, a hospitalización en Oncoloxía, Psiquiatría, coidados paliativos e unidades de cirurxía ambulatoria. Outros servizos como pediatría, urxencias pediátricas, partos, xinecoloxía, obstetricia ou neuroloxía está previsto que se trasladen ao Novo Montecelo unha vez que rematen as obras.

Tendo en conta esta continuidade da actividade hospitalaria no Provincial, é necesario prever a realización de obras para renovar e modernizar as instalacións, xa que hai espazos que teñen importantes deficiencias materiais.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 5ª:

“O parlamento insta a Xunta a facer un estudo sobre as obras de mellora das instalacións do hospital provincial que precisan ser remodeladas e modernizadas con maior urxencia, co obxecto de garantir a asistencia sanitaria nunhas condicións óptimas”.

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2025

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 08/05/2025 13:38:08

Iria Carreira Pazos na data 08/05/2025 13:38:21

Luis Bará Torres na data 08/05/2025 13:38:39



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **María Elena Espinosa Mangana, Patricia Iglesias Rey e Julio Ernesto Abalde Alonso**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O día 5 de maio asináronse os acordos de xestión para as sete áreas sanitarias de Galicia, que son os instrumentos para materializar a xestión sanitaria, vinculados á planificación estratéxica con obxectivos de cada área.

Os obxectivos plantéxanse en tres grandes áreas: Asistencial, Recursos Humanos e Recursos Económicos.

Por outra parte, en canto ás áreas asistenciais diferéncianse catro bloques: eficiencia asistencial e sostible, calidade asistencial, integración asistencial, e resultados de saúde.

Para realizar o seguimento, establécese un conxunto de indicadores. Nesta iniciativa non imos entrar en todos eles, senón que imos centralos nalgún ámbito concreto.

Os acordos de xestión din que a prioridade do Sergas e acadar a máxima accesibilidade e ademais, a saúde mental consolídase como unha prioridade transversal para todo o sistema sanitario galego.

Tamén sabemos que un dos asuntos que máis preocupa aos galegos e ás galegas en relación coa sanidade pública son as listas de espera. E para o Sergas debería ser unha liña de traballo prioritaria.

Por este motivo é difícil de entender algúns dos obxectivos que se prevén nos acordos de xestión.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/05/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 25178
Data envío: 08/05/2025 14:17:25.471

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento insta a Xunta de Galicia a:

1. Rebaixar os días da vía rápida para atención a conducta suicida en adultos e infanto xuvenil que figura no acordo de xestión da Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza.
2. Modificar o acordo de xestión da Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza, para que o tempo medio de espera para unha cirurxía sexa inferior a 73,5 días que son os días de espera a 31/12/2024.
3. Modificar o acordo de xestión da Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza, para que o tempo medio de espera para unha cirurxía en prioridade 1, sexa inferior a 18,9 días que son os días de espera a 31/12/2024.

Santiago de Compostela, a 8 de maio do 2025

Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 08/05/2025 14:10:48

Patricia Iglesias Rey na data 08/05/2025 14:11:00

Julio Abalde Alonso na data 08/05/2025 14:11:18

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

83073

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/05/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 25178
Data envío: 08/05/2025 14:17:25.471

José Ramón Gómez Besteiro na data 08/05/2025 14:11:34

CSV: BOPGDSPG-1FHW0Fcq-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

83074

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **María Elena Espinosa Mangana, Silvia Longueira Castro, Patricia Iglesias Rey e Julio Ernesto Abalde Alonso**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O día 5 de maio, asínanse os acordos de xestión para as 7 áreas sanitarias de Galicia, que son os instrumentos para materializar a xestión sanitaria, vinculados á planificación estratéxica con obxectivos de cada área. Os obxectivos divídense en 3 grandes áreas: Asistencial, Recursos Humanos e Recursos Económicos.

En canto aos obxectivos de Asistencia Sanitaria estes enmárcanse en catro bloques estratéxicos: Eficiencia asistencial e sostibilidade, calidade asistencial, integración asistencial e resultados de saúde. Ademais, para realizar o seguimento en cada área establécese un conxunto de indicadores. Nesta iniciativa non vamos a entrar en todos eles senón que imos centrarnos nalgúns ámbitos concretos.

Os acordos de xestión din que a prioridade do SERGAS e acadar a máxima accesibilidade e a saúde mental consolídase como unha prioridade transversal para todo o sistema sanitario galego. Por outra banda, sabemos que un dos asuntos que máis preocupa os galegos e galegas en relación coa sanidade pública son as listas de espera, por tanto, para o SERGAS debería ser unha liña de traballo prioritaria. Por este motivo é difícil de entender algúns dos obxectivos que se contemplan nos acordos de xestión.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/05/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 25183
Data envío: 08/05/2025 14:53:31.037

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

1. O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a rebaixar os días da vía rápida para atención a conducta suicida en adultos e infanto xuvenil que figura no acordo de xestión da Area Sanitaria da Coruña e Cee.
2. O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia que no acordo de Xestión da Area Sanitaria da Coruña e Cee, a que o tempo medio de espera para unha cirurxía en prioridade 1, sexa inferior a 17 días que son os días medios de espera ao 31 de decembro do 2024.

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2025

Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 08/05/2025 14:42:53

Silvia Longueira Castro na data 08/05/2025 14:43:10

Patricia Iglesias Rey na data 08/05/2025 14:43:30

Julio Abalde Alonso na data 08/05/2025 14:43:46

José Ramón Gómez Besteiro na data 08/05/2025 14:44:04

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

83076

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **María Elena Espinosa Mangana e Julio Ernesto Abalde Alonso**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O día 5 de maio, asínanse os acordos de xestión para as 7 áreas sanitarias de Galicia, que son os instrumentos para materializar a xestión sanitaria, vinculados á planificación estratéxica con obxectivos de cada área. Os obxectivos divídense en 3 grandes áreas: Asistencial, Recursos Humanos e Recursos Económicos.

En canto aos obxectivos de Asistencia Sanitaria estes enmárcanse en catro bloques estratéxicos: Eficiencia asistencial e sostibilidade, calidade asistencial, integración asistencial e resultados de saúde. Ademais, para realizar o seguimento en cada área establécese un conxunto de indicadores. Nesta iniciativa non vamos a entrar en todos eles senón que imos centrarnos nalgúns ámbitos concretos.

Os acordos de xestión din que a prioridade do SERGAS e acadar a máxima accesibilidade e a saúde mental consolídase como unha prioridade transversal para todo o sistema sanitario galego. Por outra banda, sabemos que un dos asuntos que máis preocupa os galegos e galegas en relación coa sanidade pública son as listas de espera, por tanto, para o SERGAS debería ser unha liña de traballo prioritaria. Por este motivo é difícil de entender algúns dos obxectivos que se contemplan nos acordos de xestión.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/05/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 25188
Data envío: 08/05/2025 15:04:51.184

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

1. O Parlamento de Galicia insta a Xunta a rebaixar os días da vía rápida para atención a conducta suicida en adultos e infanto xuvenil que figura no acordo de xestión da Area Sanitaria de Ferrol.
2. O Parlamento de Galicia insta a Xunta que no acordo de Xestión da Area Sanitaria de Ferrol, a que o tempo medio de espera para unha cirurxía sexa inferior a 53,8 días que son os días medios de espera ao 31 de decembro do 2024.
3. O Parlamento de Galicia insta a Xunta que no acordo de Xestión da Area Sanitaria de Ferrol, a que o tempo medio de espera para unha cirurxía en prioridade 1, sexa inferior a 14,2 días que son os días medios de espera ao 31 de decembro do 2024.

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2025

Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 08/05/2025 14:59:48

Julio Abalde Alonso na data 08/05/2025 15:00:02

José Ramón Gómez Besteiro na data 08/05/2025 15:00:14

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

83078

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, **María Carmen Rodríguez Dacosta, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5ª**.

No ano 2024, en relación co 2023, a sinistralidade mortal aumentou un 14,3 % e un 14,4 % a grave. E xa van 9 falecidos nos dous primeiros meses de 2025, tres máis que hai un ano.

As cifras están aí e demostran que a sinistralidade laboral segue a ser a gran secuela do mercado de traballo.

No ano 2024 rexistráronse en Galicia, segundo os datos publicados polo Issga, 30.359 accidentes laborais, no ano anterior contabilizáronse 30.423 accidentes, o que supón un lixeiro descenso. Hai que precisar que todas estas cifras inclúen os accidentes “*in itinere*” e só os accidentes con baixa.

Deste total, 29.826 foron accidentes de carácter leve, 469 graves e 64 mortais. Por sector de actividade económica (só se detallan os sinistros en xornada, non os *in itinere*, xa que o Issga non facilita esta estatística desagregada, agricultura acumulou en 2024 un total de 1.157 sinistros; pesca, 651; industria, 6.793; construción, 4.267; e servizos, 14.278. Dos mortais, 23 corresponden ao sector servizos, 12 á construción, 9 á industria, 7 á pesca e 7 á agricultura.

Dentro dos accidentes laborais mortais (o Issga nas estatísticas non inclúe neste desglose os *in itinere*), 26 producíronse por infartos e outras patoloxías non traumáticas, o que representa o 45 % do total, sendo os máis numerosos,





segundo os datos facilitados polo Issga. Despois están as mortes producidas por choques ou golpes contra obxectos en movemento, con 11 persoas falecidas, o 19 % do total.

Caídas e golpes con esmagamentos contra obxectos inmóbiles acumula 7 falecidos e 10 os atrapamentos e amputacións. Dúas mortes producíronse por contacto con corrente eléctrica, lume ou substancias perigosas, unha por contacto con axente cortante ou punzante e unha por afogamento ou sepultamento.

Neste senso, as organizacións sindicais como UGT-Galicia demandan políticas que atendan á redución da incidencia dos riscos spicosociais entre a poboación traballadora, xa que tanto os infartos como os derrames cerebrais son patoloxías asociadas a este tipo de riscos laborais.

En canto ao índice de incidencia, accidentes por cada 100.000 traballadores, en Galicia este foi en 2024 de 2.588,54. Este índice, no caso dos sinistros mortais, situouse no 5,53, 0,69 puntos máis que hai un ano.

Tampouco se poden esquecer os accidentes de traballo nos que non foi necesaria a baixa, un total de 13.104 no 2024.

Por iso, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que elabore en colaboración coas organizacións sindicais e asociacións empresariais e coa participación do Issga e a Inspección de Traballo un plan de choque contra a sinistralidade laboral que estableza as medidas necesarias para acabar con esta insoportable sinistralidade laboral de forma eficaz e inmediata reforzando a prevención dos riscos psicosociais, e tamén acometer a diversidade xeracional





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/05/2025 17:50:14
Nº Rexistro: 25195
Data envío: 08/05/2025 17:50:14.261

e a perspectiva de xénero na xestión preventiva e se presente no Parlamento de Galicia no prazo de tres meses.

Parlamento de Galicia, 8 de maio de 2025

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 08/05/2025 17:43:58

Elena Espinosa Mangana na data 08/05/2025 17:44:10

Silvia Longueira Castro na data 08/05/2025 17:44:36

José Ramón Gómez Besteiro na data 08/05/2025 17:44:51

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

83081

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, **Paloma Castro Rey, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5ª**.

O concello de Bueu non é alleo á situación de colapso na que se atopa a Atención Primaria en Galicia o que está a provocar un grave prexuízo á cidadanía.

Este concello ten unha poboación de arredor de 12.000 habitantes que se triplica nos meses de verán e onde o 35 % son maiores de 65 ou menores de 14 anos.

O PAC de Bueu presenta moitísimas carencias que están a provocar un gran agravio e obrigan aos usuarios a se desprazaren a outros concellos, cunha distancia de aproximadamente 15 km co concello de Marín e a 23 km dos centros de referencia para pediatría (Hospital Provincial) e para as diferentes especialidades (Hospital Montecelo).

O agravio que supón o traslado incrementase porque o acceso en bus ao Hospital de Montecelo non chega o concello de Bueu.

O servizo de autobús supón un servizo de primeira necesidade para permitir o acceso aos servizos sanitarios da poboación bueuense.

Este servizo dunha liña directa de autobús xa existe no concello de Marín polo que só sería necesario ampliar o servizo ao concello limítrofe, para evitar así a situación actual na que estas persoas teñen que se trasladar nun bus á





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/05/2025 17:59:13
Nº Rexistro: 25200
Data envío: 08/05/2025 17:59:13.269

estación de autobuses de Pontevedra e alí facer un cambio de autobús a outro que sobe ata o Hospital de Montecelo, e igual para volver, situación que se agrava aínda máis no caso de persoas enfermas ou con algún grao de dependencia.

Dende o Grupo Socialista defendemos que o Sergas ten que proporcionar unha asistencia sanitaria en igualdade de condicións, independentemente da cor política dos concellos e denunciámos que na actualidade se está a discriminar a algúns galegos e galegas respecto doutros.

Por iso, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a mellorar a atención sanitaria dos bueuenses ampliando ata ao concello de Bueu o servizo de liña directa de autobús que existe entre o Centro Hospitalario de Montecelo e o Concello de Marín.

Parlamento de Galicia, 7 de maio de 2025

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 07/05/2025 13:12:51

Elena Espinosa Mangana na data 07/05/2025 13:13:04

Silvia Longueira Castro na data 07/05/2025 13:13:17

José Ramón Gómez Besteiro na data 07/05/2025 13:13:30

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

83083

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, **Paloma Castro Rey, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5ª**.

Os servizos públicos de atención para os maiores no termo de Cerdedo dentro do concello de Cerdedo-Cotobade están constituídos por unha nova residencia de 18 prazas, que comezou a funcionar en abril de 2023 e anexo ao Fogar residencial, un centro de día con 30 prazas que leva funcionando dende o ano 2008, e ambos forman parte da Rede do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, integrado pola Xunta de Galicia.

O pasado ano 2024 o Goberno galego fixo obras de mellora nestes centros pero non tivo en conta unha antiga demanda do persoal do centro, dos usuarios e as súas familias consistente na posibilidade de instalar a continuación do beiril que cobre a zona de entrada unha solución, como unha pérgola ou similar, ata a parada do bus que permita que as persoas usuarias poidan acceder á residencia sen mollarse os días de choiva.

Esta demanda foi a maiores trasladada ao Pleno do concello nunha moción presentada polo Partido Socialista, que se aprobou por unanimidade co compromiso do alcalde de trasladar á Xunta esta demanda, pero transcorrido un ano non se sabe nada deste tema.

Por outra banda, existe unha pequena zona exterior común a ambos centros cunhas cadeiras, un espazo que resulta claramente insuficiente para todos os usuarios e ademais carece de sombra, necesaria nos días de sol.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/05/2025 18:00:44
Nº Rexistro: 25205
Data envío: 08/05/2025 18:00:44.487

Dende o Grupo Socialista cremos que o Goberno da Xunta debería mellorar a zona exterior de desfrute dos maiores, usuarios destes centros, e unha forma sería comprar unha parcela situada na parte de atrás do centro de día.

Unha pequena parcela que sería moi axeitada para conseguir unha zona de espaxamento e sombra nos meses de máis calor e incluso se podería radicar nela unha pequena horta para poder ampliar a actividade de ocio.

Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a levar a cabo as seguintes actuacións de mellora do acceso e estancia nos centros residenciais públicos para maiores situados no termo de Cotobade do concello de Cerdedo-Cotobade (Pontevedra):

- a) Obra consistente en continuar do beiril existente na zona de entrada para que cubra a zona da parada do autobús no Centro de Día de Cerdedo.
- b) Adquisición da parcela anexa ao centro con referencia catastral: 36011C501003210000R para ampliar a zona exterior e a maiores habilitar nela dunha zona de sombra con cadeiras para os meses de máis calor.

Santiago de Compostela, 8 de mayo de 2025

Asinado dixitalmente por:

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

83085

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/05/2025 18:00:44
Nº Rexistro: 25205
Data envío: 08/05/2025 18:00:44.487

Paloma Castro Rey na data 08/05/2025 17:34:50

Elena Espinosa Mangana na data 08/05/2025 17:35:06

Silvia Longueira Castro na data 08/05/2025 17:35:16

José Ramón Gómez Besteiro na data 08/05/2025 17:35:30

CSV: BOPGDSPG-1FHW0Fcq-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

83086

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Montserrat Prado Cores** e **Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, sobre a posta en marcha dunha estratexia para a atención integral á saúde sexual e reprodutiva das galegas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A OMS afirma que a saúde das mulleres e nenas está influenciada pola bioloxía relacionada co sexo, o xénero e outros determinantes sociais. Detectar e cubrir as necesidades sanitarias da muller é un dereito e un deber dos servizos sanitarios públicos, que ademais debe recoñecer as achegas das mulleres á saúde da sociedade na súa función produtiva e reprodutiva, como consumidoras e ao mesmo nivel como prestadoras de asistencia sanitaria.

Hai consenso mundial en que a atención da saúde da muller debe facerse cun enfoque que englobe o seu ciclo vital completo, o que permitirá advertir de que forma as intervencións na infancia, adolescencia, a etapa reprodutiva e ata o final da súa vida, inflúen no estado de saúde ulterior e na de xeracións futuras.

As matronas son profesionais recoñecidas e cualificadas na atención á saúde das mulleres, non só na súa etapa de maternidade (xestación, parto, puerperio e lactación) senón tamén ao longo de toda a súa vida sexual, desde a nenez ata a senectude.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A evidencia demostra que os coidados levados a cabo por matronas conseguen bos resultados de saúde, con menores taxas de intervencións, menores custos e maior satisfacción para ás mulleres. As matronas non só abordan aspectos reprodutivos das mulleres, senón tamén formación e información afectivo-sexuais, asesoramento sobre saúde menstrual, contracepción, interrupción do embarazo, climaterio, papel relevante na detección de saúde mental materna, da violencia de xénero, dispareunia...

A pesares de todo o dito e dos evidentes beneficios que aportan as matronas para a atención á saúde das mulleres as eivas no Sergas é palmaria.

En primeiro lugar en canto ao número existentes, Galiza é unha das Comunidades Autónomas coa ratio matrona/muller máis baixos. Conta cun número insuficiente de matronas para ofrecer a atención e coidados especializados que requiren as galegas. Este déficit é especialmente visíbel en Atención Primaria, ao tempo que existe unha grande inequidade en función da zona xeográfica de Galiza onde viva unha muller, da área sanitaria, con maior repercusión nas mulleres do rural, que ven minguada a oferta sanitaria.

Existe tamén unha dotación inadecuada de espazos físicos e materiais tanto nas consultas destas profesionais como para realizar as actividades de educación sexual, reprodutiva e maternal.

É preciso un enfoque das políticas sanitarias dirixidas á prevención e promoción da saúde das mulleres, evitando a súa hipermedicación. Unha atención que debe ser proporcionada pol@s profesionais axeitadas, entre @s que @s matronas teñen un papel fundamental.

A todo o exposto hai que engadir que o sistema retributivo das matronas de Galiza en Atención Primaria non se adapta á realidade actual. Está baseado nun mapa





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

sanitario do ano 1989 que non recolle a poboación actual dos concellos, non se lle recoñecen conceptos que se lle pagan a outros colectivos: número de tarxetas sanitarias, dispersión, illamento, non recoñece a carteira de servizo actual, non ten unha ratio de mulleres a atender. En suma unha disfuncionalidade entre os servizos prestados e as retribucións percibidas. Discriminación maior nas área sanitaria de A Coruña e Compostela, teñen salarios por debaixo do resto do país pola aplicación dun coeficiente de dispersión inferior ao que se aplica nas outras áreas sanitarias.

O acceso a coidados de calidade é un dereito humano básico, tamén das mulleres, mais non é posíbel se non existen rateos axeitados de profesionais para atender as súas necesidades, se a estas profesionais non se lle recoñecen os seus dereitos, dispositivos suficientes e ben dotados.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a que poña en marcha unha estratexia para a atención integral á saúde sexual e reprodutiva das mulleres, que contemple como mínimo as seguintes actuacións:

1.-Iniciar de inmediato a negociación en Mesa Sectorial do réxime xurídico e do sistema retributivo das Matronas de Atención Primaria.

2.- Aumentar as prazas de matronas tanto en atención primaria como especializada para garantir a equidade en toda Galiza como para que as rateos matrona/mulleres sexan como mínimo a da media da OCDE.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3.- Reforzo do número de matronas na Atención Primaria, para prestar unha atención sexual e reprodutiva de calidade a todas as mulleres ao longo de todo o seu ciclo vital: anticoncepción, atención preconcepcional, embarazo e postparto, orientación da demanda de interrupción legal de embarazo, exame de saúde xinecolóxico periódico, detección e orientación inicial na problemática sexual e da parella, menopausa, dispareunia... e realización de actividades comunitarias de educación sexual e afectiva.

4.- Proceder á implementación inmediata dun plan para a dotación adecuada de espazos físicos, materiais e dispositivos telemáticos tanto nas consultas destas profesionais como para realizar as actividades de educación efectivo-sexual, reprodutiva, maternal...

5.- Realizar todas as accións precisas para eliminar a inequidade que padecen as galegas en función da zona xeográfica de Galiza onde vivan, da área sanitaria, con maior repercusión nas mulleres do rural, que ven minguada a oferta sanitaria.

6.- Garantir a presenza de matronas en todos os COF

7.- Garantir a calidade asistencial no parto: avaliación da prestación, publicación anual dos resultados, actualización de protocolos, garantir a libre elección de hospital como se establece na Lei de Garantías.”

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2025

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**
Iria Carreira Pazos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 08/05/2025 18:10:35

Iria Carreira Pazos na data 08/05/2025 18:16:37

Olalla Rodil Fernández na data 08/05/2025 18:16:38





Asunto: remisión de documentación

En cumprimento do indicado na Disposición adicional segunda do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, dou traslado, segundo comunica a Consellería de Facenda e Administración Pública, da documentación respecto das modificacións orzamentarias correspondentes ao mes de **abril de 2025**.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



ASUNTO	Modificacións de Crédito Tramitadas: Informe para o Parlamento
PERÍODO	Abril 2025

1. TRANSFERENCIA ORDINARIA

1.1. EXPEDIENTE TR-04-001-25

(Código exp. CODEX TR-2025-171-00100001)

ENTIDADE / CONSELLERIA	Presidencia da Xunta de Galicia (001.04)
ÓRGANO XESTOR	Secretaría Xeral da Presidencia (001.04.01)

1.1.1. Descrición

Transferencia de crédito por importe de 43.393,02 € con orixe no capítulo II e destino no capítulo I da Secretaría Xeral da Presidencia, para adecuar e reordenar os créditos ás necesidades relativas ao pagamento das retribucións do persoal de Presidencia.

1.1.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	27	04.01..111A.151	GRATIFICACIÓNS	2016.00011	1010	N	43.393,02	0,00

1.1.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	27	04.01..111A.22699	OUTROS	2015.00054	1010	N	43.393,02	0,00

1.2. EXPEDIENTE TR-04-002-25

(Código exp. CODEX TR-2025-173-00100001)

ENTIDADE / CONSELLERIA	Presidencia da Xunta de Galicia (001.04)
ÓRGANO XESTOR	S.X. de Medios (001.04.03)

1.2.1. Descrición

Transferencia de crédito entre subconceptos do capítulo VI do orzamento de gastos da Secretaría Xeral de Medios por importe de 1.100.000,00 euros, para facer fronte aos gastos que é necesario acometer con cargo ao programa 461A.

1.2.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	27	04.03..461A.6400	Programas de comunicación social e outras actuacións	2015.00057	1010	N	1.100.000,00	0,00

1.2.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	27	04.03..461B.6034	Investimentos en tecnoloxías de comunicación	2015.00059	1010	N	1.100.000,00	0,00

1.3. EXPEDIENTE TR-05-009-25

(Código exp. CODEX TR-2025-179-00100003)

ENTIDADE / CONSELLERIA	Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (001.05)
ÓRGANO XESTOR	Secretaría Xeral Técnica (001.05.01)

1.3.1. Descrición

Transferencia de crédito para financiar a aplicación 05 08 512A 12024 para a contratación de 1 funcionario



posto base grupo A1 pola D. X. de Mobilidade en réxime de acumulación de tarefas, por un periodo de nove meses, dende a aplicación 05 08 512A 13000, por un total de 25.157,68 euros

1.3.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	11	05.08..512A.12024	ACUMULACION DE TAREFAS DE PERSOAL FUNCIONARIO NON DOCENTE	2016.00340	1010	N	25.157,68	0,00

1.3.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	11	05.08..512A.13000	RETRIBUCIONS BASICAS	2016.00340	1010	N	25.157,68	0,00

1.4. EXPEDIENTE TR-05-010-25

(Código exp. CODEX TR-2025-176-00100004)

ENTIDADE / CONSELLERIA	Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (001.05)
ÓRGANO XESTOR	Secretaría Xeral para o Deporte (001.05.02)

1.4.1. Descrición

TRANSFERENCIA DE CRÉDITO por importe de un millón cento setenta e catro mil setecentos sesenta e catro euros con corenta e sete céntimos (1.174.764,47 euros) entre conceptos do capítulo VI do orzamento de gastos da Secretaría Xeral para o Deporte para para atender ao financiamento do patrocinio de diversos eventos deportivos e de equipos femininos durante o exercicio 2025.

1.4.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	11	05.02..441A.6400	PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN DEPORTIVA	2015.00035	1010	N	1.174.764,47	0,00

1.4.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	11	05.02..441A.6221	CONSTRUCCIÓN EN MATERIA DE DEPORTES	2025.00011	1010	N	174.764,47	0,00
001	11	05.02..441A.6322	INVESTIMENTOS NOUTRAS INSTALACIÓN DEPORTIVAS	2013.00043	1010	N	1.000.000,00	0,00

1.5. EXPEDIENTE TR-05-011-25

(Código exp. CODEX TR-2025-179-00200001)

ENTIDADE / CONSELLERIA	Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (001.05)
ÓRGANO XESTOR	Secretaría Xeral Técnica (001.05.01)

1.5.1. Descrición

Transferencia de crédito por importe de 109.670,05€ dende a aplicación orzamentaria 05.03.131A.212 (código de proxecto 2015-00174) para a aplicación orzamentaria 05.03.131A.222.01 (código de proxecto 2015-00174), co obxectivo de reasignar o crédito existente para facer fronte aos compromisos previstos ata finais deste exercicio, en relación cos gastos derivados do contrato para a prestación dos servizos postais, telegráficos e de paquetería no sector público de Galicia.

1.5.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	11	05.03..131A.22201	Comunicacións Postais	2015.00174	1010	N	109.670,05	0,00



1.5.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	11	05.03..131A.212	Edificios e outras construcións	2015.00174	1010	N	109.670,05	0,00

1.6. EXPEDIENTE TR-06-007-25

(Código exp. CODEX TR-2025-194-00100003)

ENTIDADE / CONSELLERIA	Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático (001.06)
ÓRGANO XESTOR	D.X Patrimonio Natural (001.06.04)

1.6.1. Descrición

Transferencia de crédito entre conceptos do capítulo VI do orzamento de gastos da Dirección Xeral de Patrimonio Natural da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático para o ano 2025, por importe total de once mil douscentos trinta euros cun céntimo (11.230,01€) para traspasar as obrigas contraídas no exercicio de 2024 no capítulo VI de gastos. Esta transferencia corresponde a fondos propios libres.

1.6.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	13	06.04..541B.6111	INFRAESTRUTURAS DE SANEAMIENTO, PROTECCIÓN E MELLORA MEDIO AMBIENTE	2015.00241	1010	N	11.230,01	0,00

1.6.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	13	06.04..541B.6250	MOBILIARIO E ÚTILES	2015.00218	1010	N	7.548,71	0,00
001	13	06.04..541B.6260	EQUIPOS PARA PROCESOS DE INFORMACIÓN	2015.00218	1010	N	3.681,30	0,00

1.7. EXPEDIENTE TR-08-012-25

(Código exp. CODEX TR-2025-334-00100001)

ENTIDADE / CONSELLERIA	Consellería de Política Social e Igualdade (001.08)
ÓRGANO XESTOR	D.X. Loita contra Violencia de Xénero (001.08.06)

1.7.1. Descrición

Transferencia de crédito por importe total de 1.000.000,00 euros da aplicación 2025.08.06.313D.760.0, código de proxecto 2022 00094 para a aplicación 2025.08.06.313D.640.0 do mesmo código de proxecto 2022 00094, coa finalidade de desenvolver diversas campañas publicitarias de información sobre a atención e servizos que se prestan nos Centros de Crise 24 horas en Galicia ás mulleres vítimas de violencia de xénero e as súas familias con cargo ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia MRR en 2025.

1.7.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	21	08.06..313D.6400	ACTIONS LEI INTEGRAL CONTRA A VIOLENCIA DE XENERO	2022.00094	4620	S	1.000.000,00	0,00

1.7.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	21	08.06..313D.7600	MELLORA DE EQUIPAMENTO	2022.00094	4620	S	1.000.000,00	0,00

1.8. EXPEDIENTE TR-08-013-25

(Código exp. CODEX TR-2025-334-00100002)



ENTIDADE / CONSELLERÍA	Consellería de Política Social e Igualdade (001.08)
ÓRGANO XESTOR	D.X. Loita contra Violencia de Xénero (001.08.06)

1.8.1. Descrición

Transferencia de crédito por importe total de 50.000,00 euros da aplicación 2025.08.06.313D.760.0, código de proxecto 2022 00094 para a aplicación 2025.08.06.313D.632.0 (NOVO) do mesmo código de proxecto 2022 00094, coa finalidade de realizar obras de reforma no Centro de Crise 24 horas de Ourense con cargo ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia MRR en 2025.

1.8.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	21	08.06..313D.6320	OBRAS DE REFORMA CENTROS CRISE 24 HORAS	2022.00094	4620	S	50.000,00	0,00

1.8.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	21	08.06..313D.7600	MELLORA EQUIPAMENTO	2022.00094	4620	S	50.000,00	0,00

1.9. EXPEDIENTE TR-08-014-25

(Código exp. CODEX TR-2025-335-00100002)

ENTIDADE / CONSELLERÍA	Consellería de Política Social e Igualdade (001.08)
ÓRGANO XESTOR	D.X. Promoción da Igualdade (001.08.07)

1.9.1. Descrición

Transferencia de crédito por importe total de 12.000,00 euros da aplicación 08.07.313B do subconcepto 444.0 para o subconcepto 640.4 (novo) para dotar de crédito ao órgano colexiado Observatorio das Mulleres Rurais e do Mar.

1.9.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	21	08.07..313B.6404	OBSERVATORIO DAS MULLERES RURAIS E DO MAR	2025.00167	1010	N	12.000,00	0,00

1.9.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	21	08.07..313b.4440	AXUDAS INVESTIGACIÓN IGUALDADE	2025.00056	1010	N	12.000,00	0,00

1.10. EXPEDIENTE TR-08-016-25

(Código exp. CODEX TR-2025-214-00100013)

ENTIDADE / CONSELLERÍA	Consellería de Política Social e Igualdade (001.08)
ÓRGANO XESTOR	S.X. Técnica (001.08.01)

1.10.1. Descrición

TRANSFERENCIA DE CRÉDITO no capítulo III do programa 311A do estado de gastos do orzamento da Consellería de Política Social e Igualdade para a anualidade 2025 por importe de 8.000,00 € para facer fronte aos xuros de demora dos expedientes vinculados á mesma.

1.10.2. Partidas orzamentarias de destino



COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	21	08.01..311A.352	Xuros de demora.	2015.00534	1010	N	8.000,00	0,00

1.10.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	21	08.01..311A.212	Reparacións, mantemento e conservación. Edificios e outras	2015.00534	1010	N	8.000,00	0,00

1.11. EXPEDIENTE TR-08-018-25

(Código exp. CODEX TR-2025-214-00100012)

ENTIDADE / CONSELLERIA	Consellería de Política Social e Igualdade (001.08)
ÓRGANO XESTOR	S.X. Técnica (001.08.01)

1.11.1. Descrición

Transferencia de crédito en varios subconceptos do estado de gastos do orzamento do Capítulo I da Consellería de Política Social e Igualdade por importe de 83.771,16 euros, co fin de proceder ao pago de servizos extraordinarios realizados nos exercicios 2024 e 2025.

1.11.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	21	08.04..312D.151	GRATIFICACIÓNS	2024.00064	1010	N	12.393,90	0,00
001	21	08.05..312D.13001	OUTRAS REMUNERACIÓNS	2024.00064	1010	N	4.245,60	0,00
001	21	08.05..312D.151	GRATIFICACIÓNS	2024.00064	1010	N	67.131,66	0,00

1.11.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	21	08.04..311A.13001	OUTRAS REMUNERACIÓNS	2016.00175	1010	N	83.771,16	0,00

1.12. EXPEDIENTE TR-09-003-25

(Código exp. CODEX TR-2025-200-00100002)

ENTIDADE / CONSELLERIA	Consellería de Economía e Industria (001.09)
ÓRGANO XESTOR	D.X. Planificación Enerxética e Minas (001.09.04)

1.12.1. Descrición

Transferencia de crédito por un importe de corenta mil euros (40.000,00€) entre as aplicacións do programa de gasto 733A-Eficiencia Enerxética e Enerxías Renovables-, pertencentes á Consellería de Economía e Industria, para dar cobertura ás axudas de tipo social para evitar cortes de subministración aos consumidores vulnerables en risco de exclusión social.

1.12.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	15	09.04..733A.48010	AXUDAS DE TIPO SOCIAL	2015.00297	1010	N	40.000,00	0,00

1.12.3. Partidas orzamentarias de orixe



COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	15	09.04..733A.6404	ESTUDIOS E TRABALLOS TÉCNICOS EN ENERXIA	2016.00104	1010	N	40.000,00	0,00

1.13. EXPEDIENTE TR-09.A1-002-25

(Código exp. CODEX TR-2025-13-00100003)

ENTIDADE / CONSELLERÍA	IGAPE (405)
ÓRGANO XESTOR	INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

1.13.1. Descrición

Transferencia de crédito por 4.868.348,00 € do Capítulo VII do Código de proxecto 2024 00004 ao Capítulo VIII no Código de proxecto 2024 00004 no programa 741A do orzamento de gasto do Instituto Galego de Promoción Económica para o traslado das autorizacións a 2025.

1.13.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
405	10	09.A1..741A.8310	Préstamos a longo prazo	2024.00004	4630	S	4.868.348,00	0,00

1.13.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
405	10	09.A1..741A.7700	Apoio á competitividade, o investimento, a	2024.00004	4630	S	4.868.348,00	0,00

1.14. EXPEDIENTE TR-09.A1-005-25

(Código exp. CODEX TR-2025-13-00100008)

ENTIDADE / CONSELLERÍA	IGAPE (405)
ÓRGANO XESTOR	INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

1.14.1. Descrición

Transferencia de crédito por 51.312,65 € entre conceptos do capítulo II e I no programa 741A do orzamento de gastos do Instituto Galego de Promoción Económica, para o pagamento do incremento da nómina (importe correspondente a 9 meses) como consecuencia da nova estrutura organizativa da Oficina Económica de Galicia.

1.14.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
405	10	09.A1..741A.13000	Retribucións básicas	2016.00036	1010	N	51.312,65	68.416,87

1.14.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
405	10	09.A1..741A.22799	Outros	2015.00016	1010	N	51.312,65	68.416,87

1.15. EXPEDIENTE TR-10-005-25

(Código exp. CODEX TR-2025-187-00100007)

ENTIDADE / CONSELLERÍA	Consellería de Facenda e Administración Pública (001.10)
ÓRGANO XESTOR	S.X. Técnica e do Tesouro (001.10.01)



1.15.1. Descrición

Transferencia de crédito no capítulo I, concepto contable 151 (gratificacións extraordinarias de persoal funcionario e de funcionario interino) por importe de 49.077,60 € (corenta e nove mil setenta e sete euros con sesenta céntimos), para atender ao pagamento de traballos extraordinarios realizados fóra da xornada ordinaria nun centro directivo desta Consellería. A dita transferencia financiarase coas aplicacións:

-10 03 612A 120 00 (Soldos subgrupo A1)

-10 03 612A 120 25 (Persoal Interino. Execución programas extraordinarios de carácter temporal)

1.15.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	12	10.03..612A.151	GRATIFICACIÓNS	2016.00058	1010	N	1.673,10	0,00
001	12	10.03..612A.151	GRATIFICACIÓNS	2024.00015	4140	S	47.404,50	0,00

1.15.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	12	10.03..612A.12000	SOLDOS SUBGRUPO A1	2016.00058	1010	N	1.673,10	0,00
001	12	10.03..612A.12025	PROG.EXTRAORDINARIOS DE CARÁCTER TEMPORAL	2024.00015	4140	S	47.404,50	0,00

1.16. EXPEDIENTE TR-10.B1-001-25

(Código exp. CODEX TR-2025-27-00100001)

ENTIDADE / CONSELLERÍA	CES (404)
ÓRGANO XESTOR	CONSELLO ECONÓMICO SOCIAL

1.16.1. Descrición

Trátase dunha transferencia de crédito entre conceptos do capítulo II do programa 611A do estado de gastos do orzamento do Consello Económico e Social de Galicia para o ano 2025 por un importe de 1.466 € co obxecto de dotar a aplicación 10.B1.611A.212 co crédito suficiente para facer fronte ao gasto derivado do contrato de mantemento; así como dotar a aplicación 10.B1.611A.16209 para facer fronte aos gastos dos recoñecementos médicos do persoal do CES Galicia.

1.16.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
404	10	10.B1..611A.16209	GASTOS SOCIAIS DO PERSOAL: OUTROS	2015.00001	1010	N	512,00	0,00
404	10	10.B1..611A.212	EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCCIÓNS	2015.00001	1010	N	954,00	0,00

1.16.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
404	10	10.B1..611A.22706	ESTUDOS E TRABALLOS TÉCNICOS	2015.00001	1010	N	1.466,00	0,00

1.17. EXPEDIENTE TR-11.81-002-25

(Código exp. CODEX TR-2025-58-00100002)

ENTIDADE / CONSELLERÍA	IGVS (201)
ÓRGANO XESTOR	INSTITUTO GALEGO DE VIVENDA E SOLO

1.17.1. Descrición

Transferencia de crédito por importe de cen mil euros (100.000,00 €) no programa 451A do Instituto Galego da



Vivenda e Solo, con destino á aplicación orzamentaria 11.81.451A.780.8, para o axuste orzamentario en 2025 que deriva do Acordo nº. 49 da Comisión Bilateral do 1 de abril de 2025 entre o Ministerio de Vivienda y Agenda Urbana e a C.A. de Galicia, que permita a convocatoria plurianual do ano 2025 do Programa de axuda ás actuacións de mellora da eficiencia enerxética en vivendas, financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU, segundo se detalla a continuación.

1.17.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
201	10	11.81..451A.7808	PROGRAMAS AXUDA REHABILITACIÓN RESIDENCIAL E VIVENDA SOCIAL (MRR)	2022.00005	4620	S	100.000,00	0,00

1.17.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
201	10	11.81..451A.7708	PROGRAMAS AXUDA REHABILITACIÓN RESIDENCIAL E VIVENDA SOCIAL (MRR)	2022.00006	4620	S	100.000,00	0,00

1.18. EXPEDIENTE TR-12-008-25

(Código exp. CODEX TR-2025-211-00100006)

ENTIDADE / CONSELLERÍA	Consellería de Sanidade (001.12)
ÓRGANO XESTOR	S.X. Técnica (001.12.01)

1.18.1. Descrición

TRANSFERENCIA DE CRÉDITO dende o capítulo VII ao capítulo IV, programa 411A, do estado de gastos do orzamento da Consellería de Sanidade para o ano 2025, por importe total de 8.606,74 €, con destino a transferencias de financiamento á Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde. A transferencia ten por finalidade axustar os gastos das transferencias de capital a corrente na dita Axencia, como consecuencia da transferencia e ampliación baixa que se leva a cabo en ACIS destinadas a impulsar novos modelos e financiamento para os sistemas sanitarios.

1.18.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	18	12.01..411A.43214	Financiamento Axencia Galega para a xestión do coñecemento en saúde	2023.00209	4610	S	8.606,74	0,00

1.18.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	18	12.01..411A.73214	Financiamento Axencia Galega para a xestión do coñecemento en Saúde	2023.00209	4610	S	8.606,74	0,00

1.19. EXPEDIENTE TR-12.80-002-25

(Código exp. CODEX TR-2025-59-00100005)

ENTIDADE / CONSELLERÍA	SERGAS (103)
ÓRGANO XESTOR	SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

1.19.1. Descrición

TRANSFERENCIA DE CRÉDITO dende o capítulo VI ao capítulo IV, programa 412A, do orzamento do Servizo Galego de Saúde para o ano 2025, con destino a sociedades mercantís, por importe total de 225.461,00 €. A transferencia proposta ten por finalidade dotar crédito no capítulo IV do centro 5001 Servizos Centrais, para tramitar unha encomenda a Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A, para a realización das actuacións necesarias para a planificación, coordinación e xestión do Plan de Dotación do Novo Hospital de Pontevedra.



1.19.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
103	50	50.01..412A.44115	GALARIA. EMPRESA PUBLICA DE SERVICIOS SANITARIOS S.A.	2016.00025	1010	N	225.461,00	201.727,00

1.19.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
103	50	50.01..412A.6212	EQUIPAMENTOS (MAQUINARIA E MOBILIARIO)	2016.00025	1010	N	225.461,00	201.727,00

1.20. EXPEDIENTE TR-12.80-004-25

(Código exp. CODEX TR-2025-59-00100001)

ENTIDADE / CONSELLERÍA	SERGAS (103)
ÓRGANO XESTOR	SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

1.20.1. Descrición

